20 ANOS DE CULTURA CON CAUSA

CATÁLOGO CULTURA NO CAMIÑO 2020

CULTUR ACTIVA

ESCENA 2020

CIRCO GALEGO

SU.MA
- Ikigai

MUU
- Crunch!

DESASTRONAUTS
- Máis alto aínda
- Un día de praia

SUE MORENO
- 4.00

CIRCO CHOSCO
- Forzu2
- Chosco!

CULTURACTIVA
- Gala de circo na rúa

AS SIRCÓPATAS
- Rogelio: Un pallaso en recuperación

RUDI DUDI
- Rastafurdi

CIRCO CHOSCO
- Riscando o ceo

ISLA LE TRISKA
- LeTriska Inmobile

TRÍO REFUGALLO
- Ritmo refugallo

CATROPÉS
- Animacreques

PÍSCORE
- Concerto Con Fusión
- Concerto Singular

CULTURACTIVA
- Saaabor!

MAXIA

MAGO TETO
- Alquimia

DANI GARCÍA
- Código
- Volta á maxia
- Don Gelati

FRAN REI
- Superheroe

CONTACONTOS

RILO & PENADIQUE
- Barrococó
- Carvalho Calero no carreiro
- O pozo das señoras

FRAN REI
- A historia de Brancaflor
- O conto de Barriga Verde

BANDULLO AZUL
- Filipa cos contos

TEATRO FAMILIAR

CULTURACTIVA
- Rosalía

PEDRAS DE CARTÓN
- Lázaro de Tormes

BAOBAB TEATRO
- Mai mai
- Puño puñete
- Pum pum!

PALLASOS EN REBELDÍA
- O valo

RILO & PENADIQUE
- Arre Ru

TEATRO ADULTOS

CULTURACTIVA
- Papar ser cancelas
- Sénior
- Dous no camiño

DINAMO TEATRO
- Eu queríame casare

NARRACIÓN ORAL

AVELINO GONZÁLEZ
- Sereas, dragóns e pistas de Baile

ISABEL RISCO
- Nabiza Girl

APATACÓN
- Por unha peseta

SERGIO PAZOS
- Afiando con humor
- Rebento se non o conto

MÚSICA 2020

FOLK

LEILÍA
- CantarELAS, 30 aniversario

MERCEDES PEÓN
- Déixaas

PELEPAU
- Fío e agulla

TALABARTE
- Fake

CARAPAUS
- Déixao andar...

PESDELÁN
- Na punta do pé
- na palma da man
- Entroidanzas

SUSO VAAMONDE & XOSÉ LOIS ROMERO
- 24 instrumentos populares galegos

OUTROS ESTILOS

GUADI GALEGO
- Immersion

EZETAERRE
- Pólvora e Tormenta

OS AMIGOS DOS MÚSICOS
- Segundo Fogar

O SONORO MAXÍN
- De navallas e cumbias

GALIFUNK
- Galifunk

FANFARRIA TAQUIKARDIA
- Café Bar Sovia

DE RÚA

BRASSICA RAPA
- Pasarrúas e escenario

FANFARRIA TAQUIKARDIA
- Música Taquikárdica

SON DO LILÁ
- Somdolilá

OS BREGADIERS
- Os Bregadiers

PULPIÑO VIASCÓN
- A musicleta e os instrumentos máxicos
- O canto das conserveiras
- O Pulpo Serafín
- A Organeta

OS MONIFATES
- Os Monifates

CÉ ORQUESTRA PANTASMA
- Home Orquestra

O CEGO NA FEIRA
- Cantares de cego

ESCENA 2020

CULTURACTIVA

20 ANOS DE CULTURA CON CAUSA

CULTURACTIVA

ESCENA 2020
CIRCO GALEGO

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Sue Moreno e María Move*

DIRECCIÓN: *Gonzalo Guerreiro*

CREACIÓN, ESPAZO SONORO E COREOGRAFÍA: *Cía. SU.MA*

MÚSICA ORIXINAL: *María Move e Raul Grillo*

FOTOGRAFÍA E VÍDEO: *Andrés Nadal*

XÉNEROS: *circo e rúa*

50' FAMILIAR

SU.MA
IKIGAI

A COMPAÑÍA

Dúas grandes artistas galegas como Sue Moreno e María Move crean SU.MA para abordar os seu primeiro show baixo a dirección de Gonçalo Guerreiro (Elefante Elegante).

Espectáculo de danza-circo 360º de medio formato, onde dous personaxes crean mundos de fantasía. Xogo e imaxinación, acrobacia aérea e voz cantada en directo, son os ingredientes dun espectáculo onde a maxia xorde do uso creativo dos elementos e a destreza comunicativa das interpretes co espectador.

O ESPECTÁCULO

Espectáculo de danza-circo 360º de medio formato, onde dous personaxes crean mundos de fantasía.

Xogo e imaxinación, acrobacia aérea e voz cantada en directo, son os ingredientes dun espectáculo onde a maxia xorde do uso creativo dos elementos e a destreza comunicativa das interpretes co espectador.

Os conflitos, decisións e dificultades son parte da vida cotiá. Sempre depende do que nós facemos con eses conflitos e como os resolvemos para que cada momento se converta nunha agradable aventura. Que te impulsa a seguir? a erguerte cada dia como se fose novo? Que fai que esperte o teu sorriso?

Cal é o teu *Ikigai*?

Espectáculo de rúa adaptable a interior.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Daniel Blanco e Óscar Páez*

DIRECCIÓN: *Daniel Blanco e Óscar Páez*

XÉNEROS: *circo e clown*

50’ FAMILIAR

MUU
CRUNCH!

A COMPAÑÍA

A compañía Muu nace da colaboración entre As Sircópatas e Circo Chosco.

O resultado é a simbiose entre a sorprendente forma de ver o mundo, o humor, a vida e os conflitos de As Sircópatas coa técnica acróbata e clown de Óscar Páez, de Circo Chosco. Xuntos presentan un espectáculo fresco e divertido: *Crunch!*

O ESPECTÁCULO

Onde están cando se lles necesita? É unha pregunta que adoitamos facernos sobre as nosas amizades, a clase política, a familia... algunha vez eles fallan, pero os superheroes sempre estarán alí para coidarte. Dous superheroes que están dispostos a todo para axudar, aínda que as cousas non saian sempre como queren. Os seus problemas son os teus problemas, coa crise, a conciliación laboral e familiar faise difícil incluso para eles. No fondo todas as persoas somos superheroes.

Crunch! é un espectáculo de novo circo, de vellos amigos, de clown, de malabares diarios para chegar a fin de mes, de saltos mortais, de golpes e caídas coas que aprendemos e saímos adiante, e sobre todo de risas, que é o máis necesario. Ti non os ves, pero eles estante mirando.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Raquel Veganzones e Girisho Gordon*

DIRECCIÓN: *Raquel Veganzones e Girisho Gordon*

XÉNEROS: *clown e acrobacias aéreas*

45’ FAMILIAR

DESASTRONAUTS
MÁIS ALTO AÍNDA

A COMPAÑÍA

Raquel Veganzones e Girisho Gordon formaron a compañía Circo Expreso no 2004 en Londres e pasan a chamarse Desastronauts en 2009. A súa traxectoria ten levado as súas impresionantes acrobacias por medio mundo: estiveron de tour co circo británico Happy’s Circus, actuaron na Convención Nacional de Malabares en Crawley 2004, participaron no Festival de Glastombury e en varios cabarés de circo en Londres... Gordon chegou a participar no espectáculo de apertura das Olimpiadas Asiáticas en Qatar, e Veganzones levou o seu trapecio ata o Caribe ou a India.

En 2010 conseguiron unha bolsa da Unión Europea e saiu á luz un novo traballo que dá outro xiro á súa carreira: *Losing Grip*, unha obra na que a acción ten lugar no aire en todo momento, arriscada, anovadora, orixinal e chea de calidade. Dende entón, continúan impresionando ao público cos seus espectáculos de altura, humorísticos e imaxinativos.

O ESPECTÁCULO

Unha muller forte, intelixente, atractiva e divertida topa cun home... estúpido. El ha facer o que sexa para estar con ela, e ela fará todo o posible por escapar. Ela é dona de si mesma, el é infantil. Veremos como a súa loita frenética se vai intensificando a medida que atopan un trapecio de balanceo, cordas aéreas e un hula-hoop de lume.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

DESASTRONAUTS
UN DÍA DE PRAIA

A COMPAÑÍA

Raquel Veganzones e Girisho Gordon formaron a compañía Circo Expreso no 2004 en Londres e pasan a chamarse Desastronauts en 2009. A súa traxectoria ten levado as súas impresionantes acrobacias por medio mundo: estiveron de tour co circo británico Happy's Circus, actuaron na Convención Nacional de Malabares en Crawley 2004, participaron no Festival de Glastombury e en varios cabarés de circo en Londres… Gordon chegou a participar no espectáculo de apertura das Olimpiadas Asiáticas en Qatar, e Veganzones levou o seu trapecio ata o Caribe ou a India.

En 2010 conseguiron unha bolsa da Unión Europea e saiu á luz un novo traballo que dá outro xiro á súa carreira: *Losing Grip*, unha obra na que a acción ten lugar no aire en todo momento, arriscada, anovadora, orixinal e chea de calidade. Dende entón, continúan impresionando ao público cos seus espectáculos de altura, humorísticos e imaxinativos.

O ESPECTÁCULO

Raquel Veganzones e Girisho Gordon ofrecen un espectáculo de circo-teatro cheo de enerxía, adrenalina e acción: *Un día de praia*.

Un show que combina trapecio, corda e hula-hoops con humor e amor. Un espectáculo moi visual e cunha bonita estética, apto para todos os públicos. Unha viaxe honesta e auténtica polos máis e os menos da súa relación.

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Raquel Veganzones e Girisho Gordon*

DIRECCIÓN: *Raquel Veganzones e Girisho Gordon*

XÉNEROS: *circo, aéreos e aros*

50' FAMILIAR

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Sue Moreno*

DIRECCIÓN: *Pablo Sánchez*

XÉNEROS: *acrobacias aéreas*

45’ FAMILIAR

SUE MORENO 4.0

A COMPAÑÍA

Sue Moreno é actriz, trapecista e bailarina, formada na escola de danza Carmen Serra e as escolas de circo Carampa e Charivari. Comezou a súa carreira como artista no ano 2000 e non parou de traballar dende entón. Na actualidade é directora da escola de Acrobacias Aéreas que fundou en 2013 na Coruña.

O ESPECTÁCULO

Espectáculo no que se mesturan técnicas aéreas de circo con cancións e teatro físico, cunha estrutura de 6 metros de altura e tomando o humor como partitura.

A historia preséntanos a unha muller no seu día a día, tentando conciliar o seu traballo, vida e maternidade e amosando as mil caras desta etapa desde unha ollada divertida, tenra e, por momentos, absurda.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Ariñe Azkue e Óscar Páez*

XÉNEROS: *circo cómico e portés*

50’ TODOS OS PÚBLICOS

CIRCO CHOSCO
FORZU2

A COMPAÑÍA

Circo Chosco créase ao coñecérense Ariñe Azkue e Óscar Páez na escola de circo Oreka (Pamplona), na que se formaron durante tres anos. Alí aprenderon diferentes técnicas de circo así como malabares, equilibrios, aéreos, clown, interpretación, creación… Despois tomaron diferentes camiños até que o actor, clown, docente e director Walter Velázquez lles botou unha man na dirección do espectáculo *Chosco!*

Ariñe Azkue realizou traballou con compañías como Zirko Oreka, Zirika Zirkus, Panpinpox… e foi profesora de Técnicas aéreas na mesma escola Oreka na que estudou. Óscar Páez formou parte de diferentes compañías de circo, como La Banda e Zirko Oreka, ademais de actuar en diferentes festivais de teatro de rúa e galas circenses. Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, foi profesor de Acrobacia e malabar na Universidade Pública de Pamplona.

O ESPECTÁCULO

O humor e o absurdo son os fíos que tecen a trama deste espectáculo dun dúo de atletas, cómplices que se compenetran realizando trucos imposibles diante do público. Risco, desastre, sorpresa e surrealismo crúzanse coa impecable técnica en forma de portés, acrobacias aéreas, malabares imposibles e lume. Sempre en formato de clown, Circo Chosco realizan os seus impresionantes números agochándose baixo a apariencia de superacróbatas, de grandes magos ou de malabaristas matematicamente perfectos.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

ESPECTÁCULO DISPOÑIBLE CON OU SEN AÉREOS

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Ariñe Azkue e Óscar Páez*

XÉNEROS: *clown e malabares*

50’ FAMILIAR

CIRCO CHOSCO
CHOSCO!

A COMPAÑÍA

Circo Chosco créase ao coñecérense Ariñe Azkue e Óscar Páez na escola de circo Oreka (Pamplona), na que se formaron durante tres anos. Alí aprenderon diferentes técnicas de circo así como malabares, equilibrios, aéreos, clown, interpretación, creación… Despois tomaron diferentes camiños até que o actor, clown, docente e director Walter Velázquez lles botou unha man na dirección do espectáculo *Chosco!*

Ariñe Azkue realizou traballou con compañías como Zirko Oreka, Zirika Zirkus, Panpinpox… e foi profesora de Técnicas aéreas na mesma escola Oreka na que estudou. Óscar Páez formou parte de diferentes compañías de circo, como La Banda e Zirko Oreka, ademais de actuar en diferentes festivais de teatro de rúa e galas circenses. Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, foi profesor de Acrobacia e malabar na Universidade Pública de Pamplona.

O ESPECTÁCULO

Dous personaxes, dous problemas, dous caraduras, dous disparates máis que persoas! Estes par de protagonistas realizará un espectáculo cheo de trampas, golpes, maxia, fracasos, éxitos, bágoas e risas… E sobre todo, moito circo!

Chosco é un espectáculo case sen fala e para todo tipo de público, que ten como resultado unha obra cómica con acrobacia, malabar e técnicas de portés e equilibrios, na que o público se unirá ao dúo de artistas na emoción e na gargallada.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Un/ha presentador/a, tres compañías e un grupo de música en directo*

XÉNEROS: *circo*

100’ FAMILIAR

CULTURACTIVA
GALA DE CIRCO NA RÚA

A COMPAÑÍA

Culturactiva Producións somos unha compañía e produtora que fai realidade as necesidades reais dos programadores e programadoras, froito do noso coñecemento do sector como distribuidora. Con pezas como *Falar sen Cancelas*, *Sénior* ou *Saaabor!* no noso haber, temos unha produción teatral constante con espectáculos adaptados a todo tipo de espazos e requerimentos, a datas sinaladas e sempre creamos pensando no público ao que nos diriximos. O humor e a versatilidade son as nosas señas de identidade.

O ESPECTÁCULO

A *Gala de circo na rúa*, de grande formato, conta sempre coa participación de tres compañías e unha banda de música ao vivo nun espectáculo para todos os públicos, de 100 minutos de duración, co mellor do noso novo circo introducido por unha mestra ou mestre de cerimonias que dá paso a unha grande variedade de espectáculos e números circenses.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Dani Blanco*

DIRECCIÓN: *Natalia Outeiro "Pajarito"*

XÉNERO: *circo e clown*

45' TODOS LOS PÚBLICOS

AS SIRCÓPATAS
ROGELIO: UN PALLASO EN RECUPERACIÓN

A COMPAÑÍA

Circo (lat. circu(m), id:) s.m. 4. fig. Situación confusa e desordenada.

Psicópata (de psico- + -patía) s. 2. Persoa cun comportamento en desacordo coas normas sociais admitidas como normais para a idade, sexo, época, etc, á que pertence.

As Sircópatas podería encaixar perfectamente na combinación destas dúas definicións. Pero tamén son outra cousa: unha forma particular de ver o mundo, o humor, a vida, os conflitos, as solucións... sempre coa teima de facelo dun xeito libre, real, absurdo, intelixente, estúpido, reflexivo, novo... Así, transformando rúas en teatros e teatros en rúas, e usando os elementos do circo en clave teatral, van desenvolvendo o seu "sirco".

O ESPECTÁCULO

Rogelio leva pechado na súa casa vinte anos. No instituto facíanlle bullying. Despois de ler a Paulo Coelho e seguir unha terapia de 12 pasos, está no último chanzo. Paso número 12: facer en público o que máis lle gusta, a maxia. Se hoxe sae todo ben, danlle a alta médica. Pero claro, só poderá curarse coa axuda do público.

Un espectáculo de clown dende un pallaso que non ten moito filtro e que precisa do público como un elemento máis do espectáculo. Maxia, escapismo, humor e moitas sorpresas máis.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Rudi Vanminse*

XÉNEROS: *clown*

45’ FAMILIAR

RUDI DUDI
RASTAFURDI

A COMPAÑÍA

Nacido en Genk (Bélxica), Rudi Dudi leva toda a vida no teatro, no novo circo e nas actuacións polas rúas. Formouse na Escola de Mimos de Antwerpen e nos anos oitenta traballou como actor, director e autor teatral en Bélxica. Nos noventa, accedeu ao circuíto de Teatro na Educación de Irlanda e tras case unha década dedicado á narración oral naquel país, centrouse na súa carreira de clown, xirando por toda Europa até que decide instalarse en 2005 como artista total en Galicia.

Rudi ten alma de viaxeiro, de vagabundo, de nómade. Dende moi novo, acompáñao unha das súas mellores pertenzas. A máis querida, a máis especial. Unha maleta máxica que herdou do seu avó. Aló garda toda a súa vida, un mundo enteiro, todo o que precisa para vivir e facer rir. Nesa maleta non falta nin o seu talento nin o seu humor e, desde logo, o que nunca falta é o nariz vermello de pallaso.

O ESPECTÁCULO

En *Rastafarudi* hai dende música ao vivo até malabarismo, pasando por coreografías en tutú e un striptease a base de gargalladas. E, no medio e medio, Rudi Dudi. O clown –belga, máis universal– crea un espectáculo xurdido da maxia e da forza que veñen do máis fondo, directamente do corazón, e amósanos un antigo ritual para que a xente se deite todas as noites coa esperanza no mundo intacta.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Óscar Páez*

DIRECCIÓN: *Circo chosco*

XÉNEROS: *clown, acrobacia, malabar, maxia, equilibrios*

45’ TODOS OS PÚBLICOS

CIRCO CHOSCO
RISCANDO O CEO

A COMPAÑÍA

Circo Chosco créase ao coñecérense Ariñe Azkue e Óscar Páez na escola de circo Oreka (Pamplona), na que se formaron durante tres anos. Alí aprenderon diferentes técnicas de circo así como malabares, equilibrios, aéreos, clown, interpretación, creación… Despois tomaron diferentes camiños até que o actor, clown, docente e director Walter Velázquez lles botou unha man na dirección do espectáculo *Chosco!*

Ariñe Azkue realizou traballou con compañías como Zirko Oreka, Zirika Zirkus, Panpinpox… e foi profesora de Técnicas aéreas na mesma escola Oreka na que estudou. Óscar Páez formou parte de diferentes compañías de circo, como La Banda e Zirko Oreka, ademais de actuar en diferentes festivais de teatro de rúa e galas circenses. Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, foi profesor de Acrobacia e malabar na Universidade Pública de Pamplona.

O ESPECTÁCULO

Riscando o ceo lévanos a un mundo onde o circo aparece en forma de humor, maxia, risco, malabar, acrobacias e equilibrios imposibles. Un ton absurdo e reflexivo que fai que nos reformulemos o esencial das cousas. Inspirado no incrible mundo de *O Principiño* de Antoine de Saint-Exupery, *Riscando o ceo* é un espectáculo próximo e moi visual que fai que o público viaxe co perigo e a risa. Un show de circo que emocionará a todo tipo de persoas a través dun clown que nos fará ver as cousas do revés… porque, como se di en *O Principiño*, “o esencial é invisible aos ollos. Só se ve ben co corazón”.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Isla Letriska*

XÉNEROS: *clown e malabares*

50’ TODOS OS PÚBLICOS

ISLA LE TRISKA
LETRISKA INMOBILE

A COMPAÑÍA

Isla LeTriska, malia a súa ampla traxectoria de dez anos nos escenarios, conserva íntegra a ansia artística, pura e rebelde, do principiante. Desde a ilusionante escena do Novo Circo galego, en máis dunha década de carreira Isla LeTriska xamais se acomodou nunha mesma vertente artística. Flutúa, viaxa, explora. Dese xeito, é capaz de crear un espectáculo para o circuíto de salas tan exitoso como é Fermín Noite para despois regresar ás orixes co seu espectáculo de rúa máis refinado e clásico. Isla mantén a estética e a liña humorística dos grandes pallasos arxentinos nunha conexión directa co público, na que as falcatruadas agroman a cada pouco. En definitiva, garda no seu interior un universo creativo versátil, cheo de sorpresas e de ideas sorprendentes.

O ESPECTÁCULO

Isla Le Triska presenta este delirante espectáculo no cal combina disciplinas de Novo Circo e clown con excentricidades e xogos co público.

Un personaxe eléctrico e moi tolo sorprenderá a todos realizando proezas como: incribles malabares, darlles novos usos a obxetos cotiáns, pelexar co público, cantar ou converter a un neno nun grande artista de circo.

Habilidade, perspicacia, velocidade mental e sobretodo tontería, moita tontería. Pequenos e grandes sacarán ó tolo que levan dentro.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

TRÍO REFUGALLO
RITMO REFUGALLO

A COMPAÑÍA

Félix Rodríguez, Olivier Cano e Óscar Prieto veñen de formacións musicais moi respectadas na escena musical galega, como Odaiko ou A Magnifique Bande dos Homes sen Medo. Nesta proposta, dirixida polo clown Fran Rei, ofrecen un pasarrúas coa particularidade que indica o seu nome: tocan con instrumentos feitos a partir de materiais de refugallo.

O ESPECTÁCULO

A animación toma as rúas da vila con Trío Refugallo, unha nova proposta da man de membros de Odaiko e A Magnifique Bande dos Homes sen Medo que mestura clown, música sobre instrumentos feitos a partir de materiais de refugallo, participación e interacción co público. Un novo concepto de pasarrúas que espalla risa e ritmo.

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Félix Rodríguez, Olivier Cano e Óscar Prieto*

DIRECCIÓN: *Fran Rei*

XÉNEROS: *Pasarrúas cómico-musical*

55’ FAMILIAR

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Ánxela Blanco e Vanessa Rivas*

DIRECCIÓN: *Ánxela Blanco e Vanessa Rivas*

XÉNEROS: *zancos, monicreques e danza*

50' FAMILIAR

CATROPÉS
ANIMACREQUES

A COMPAÑÍA

Catropés é unha compañía galega de nova creación formada por Vanessa Rivas e Anxela Blanco, dúas mulleres que compartiron camiño no escénico, nas viaxes e nos contos. A partir da técnica circense dos zancos e o virtuosismo da danza xorde esta proposta de animación e intervención na rúa. Un xogo visual que permitirá ao público participar e gozar desta peculiar relación entre monicreque e titiriteira.

Anxela Blanco é Premio INJUVE á creación escénica, formouse entre Francia e España en creación escénica e danza, e foi seleccionada para recibir diferentes bolsas como a de Formación Permanente de Clown no CNAC, Residencias de Creación en NORMAL, Fundación Luís Seoane ou o CDG.

Vanessa Rivas é zanqueira, actriz, educadora social e contadora de historias. Empezou a súa formación artística no ano 2002, posúe estudos superiores de solfexo e piano. A través da súa compañía RimaVane desenvolve proxectos de carácter social. Desde o ano 2004 traballa como guionista e intérprete coa Compañía Trinketrinke.

O ESPECTÁCULO

En *Animacreques*, a partir da técnica circense dos zancos e o virtuosismo da danza, xorde esta proposta de animación e intervención na rúa. Anxela Blanco e Vanessa Rivas (Catropés) propoñen un xogo visual que permitirá ao público participar e gozar desta peculiar relación entre monicreque e titiriteira.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

TAMÉN CON BANDA DE MÚSICA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Pepe Varela, Diego Rosal, Félix Rodríguez, Pablo Cabanelas*

DIRECCIÓN: *Fran Rei*

AUTOR: *Creación propia*

COMPOSICIÓN MUSICAL E ARRANXOS: *Adrián Saavedra*

COREOGRAFÍA: *Sonia Míguez*

XÉNERO: *musicomedia xestual*

55’ FAMILIAR

PÍSCORE
CONCERTO CON FUSIÓN

A COMPAÑÍA

Premio do Público no Festiclown 2017
Premio Domingos do Principal de Pontevedra

Píscore chegan para levar a todas as prazas e teatros a mellor comedia musical e xestual. Esta compañía naceu na primavera do 2016 e homenaxea co seu nome á famosa “Esther Píscore”, trasunto da musa da danza, Terpsícore, nun coñecido gag de Les Luthiers. Teñen a premisa de facernos rir dende o virtuosismo musical, a elegancia e unha estética moi próxima á comedia xestual máis clásica.

O ESPECTÁCULO

Premio do Público no Festaclown 2019

Mantendo a anterior e exitosa liña de traballo marcada pola compañía, nesta produción (con)fusionamos música, teatro, humor, comedia xestual, clown e participación do público. Cunha marimba como eixo principal do espectáculo, Concerto con Fusión incorpora diversos matices musicais, cunha vocación popular e con cabida para diferentes ritmos, como música latina, rock & roll, reggae, pop ou música disco.

Catro músicos, descoñecidos, de estilos moi diferentes, chegan ao palco cos seu instrumentos. O descubrimento dunha marimba e de todas as súas posibilidades fai que o que podería ser un desastre se convirta nun divertido exercicio de virtuosismo, cooperación e fusión musical.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

TAMÉN CON BANDA DE MÚSICA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Pepe Varela, Diego Rosal, Félix Rodríguez, Pablo Cabanelas*

DIRECCIÓN: *Fran Rei*

XÉNERO: *musicomedia xestual*

55’ FAMILIAR

PÍSCORE
CONCERTO SINGULAR

A COMPAÑÍA

Premio do Público no Festiclown 2017
Premio Domingos do Principal de Pontevedra

Píscore chegan para levar a todas as prazas e teatros a mellor comedia musical e xestual. Esta compañía naceu na primavera do 2016 e homenaxea co seu nome á famosa “Esther Píscore”, trasunto da musa da danza, Terpsícore, nun coñecido gag de Les Luthiers. Teñen a premisa de facernos rir dende o virtuosismo musical, a elegancia e unha estética moi próxima á comedia xestual máis clásica.

O ESPECTÁCULO

Premio do Público no Festaclown 2019

Que acontece cando se convoca a catro grandes solistas para un único concerto? Catro prestixiosos músicos fronte a un grande conflito: 16 baquetas e unha soa marimba. Eles están dispostos a facela soar do xeito máis orixinal e abraiante. Organizarse xa non vai ser tan doado.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Félix Rodríguez e Fran Rei*

DIRECCIÓN: *Avelino González*

AUTOR: *creación propia*

ESCENOGRAFÍA: *Kukas*

VESTIARIO: *Chus Aldrey*

ASESOR MÁXICO: *Dani García*

XÉNERO: *comedia, teatro de rúa*

PRODUCIÓN: *Culturactiva*

75’ TODOS OS PÚBLICOS

CULTURACTIVA
SAAABOR!

A COMPAÑÍA

Culturactiva Producións somos unha compañía e produtora que fai realidade as necesidades reais dos programadores e programadoras, froito do noso coñecemento do sector como distribuidora. Con pezas como *Falar sen Cancelas*, *Sénior* ou *Saaabor!* no noso haber, temos unha produción teatral constante con espectáculos adaptados a todo tipo de espazos e requerimentos, a datas sinaladas e sempre creamos pensando no público ao que nos diriximos. O humor e a versatilidade son as nosas señas de identidade.

O ESPECTÁCULO

Premio do público Festiclown 2018

Culturactiva S. Coop. Galega presenta a Félix Rodríguez e Fran Rei en *Saaabor!*, unha proposta para todos os públicos, de creación propia e dirixida por Avelino González.

Saaabor! é un espectáculo cómico que mestura música, maxia, humor, ritmo e participación do público, co mundo da gastronomía de fondo. Os nosos protagonistas convértense en dous recoñecidos *chefs* que nos ofrecen pratos para todos os gustos: desde a comida máis práctica e sinxela ata a máis elaborada, sen esquecer o viño e a sobremesa, elaborando un saboroso menú para toda a familia

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

20 ANOS DE CULTURA CON CAUSA

ESCENA 2020
MAXIA

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Mago Teto*

IDEA ORIXINAL E DIRECCIÓN: *Héctor Guerra*

FOTOGRAFÍA: *Pablo Pradoss*

DESEÑO GRÁFICO: *Brebosky*

PRODUCIÓN: *Mago Teto*

XÉNEROS: *máxia*

50’ **INFANTIL** (a partir de 5 anos

MAGO TETO
ALQUIMIA

A COMPAÑÍA

O debut do Mago Teto tivo lugar o Día das Letras Galegas de 1992. Nese 17 de maio subía ao escenario do seu instituto de Viana do Bolo para sorprender aos seus compañeiros. Catro anos despois, chegaba o despegue profesional con *A maxia dos soños*. Desde a estrea dese primeiro espectáculo en 1996, con tan só 19 anos, o Mago Teto foise convertendo nun dos ilusionistas máis veteranos e relevantes en Galicia. Habitual na televisión desde os seus comezos, goza dun gran recoñecemento por parte do público. Os seus espectáculos adáptanse a calquera tipo de escenario, da rúa ás salas, pasando por grandes teatros. No seu repertorio combínanse así deseños para espazos reducidos con outros de gran formato, outorgándolles aos seus trucos un amplo abano de posibilidades. *Tolemaxias*, *Perto de ti* ou *O afiador* son algúns dos seus shows clásicos.

O ESPECTÁCULO

Nesta nova aventura, o Mago Teto, tras varios anos estudando, experimentando e intentando descifrar a estraña simboloxía dos libros sobre alquimia, busca a pedra filosofal; non para conseguir a riqueza e a vida eterna, senón a alquimia que está dirixida ao corazón: a felicidade! A felicidade do público e a do propio mago, para así lograr a súa propia “*Grande Obra*”. A auga, a terra, o lume e o aire farán posible esta nova andanza do Mago Teto!

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Dani García*

DIRECCIÓN: *Natalia Outeiro "Pajarito"*

XÉNERO: *maxia*

60' FAMILIAR

DANI GARCÍA
CÓDIGO

A COMPAÑÍA

1º Premio Michigan Magic Day
2º Premio Close Up Contest IBM Rising de St. Louise
2º Premio TAO M Texas

Desde que en 2004 Dani García fundou a súa propia compañía co obxectivo de producir e interpretar os seus propios espectáculos, o prestixio do seu nome non deixou de medrar. Dani García compaxina as actuacións en Galicia con estancias, funcións e formacións nos Estados Unidos, recollendo así os froitos da súa formación nas diversas ramas da interpretación e da escena, unha bagaxe que lle permite crear producións propias que son auténticas obras de teatro máxicas, onde todo ten un por que e unha lóxica que fai do ilusionismo algo intanxible, pero próximo para o público.

O ESPECTÁCULO

Acabado de chegar dalgún lugar afastado, doutro tempo ou doutro modo de facer, e perdido no presente, no eiquí, no agora, está o noso viaxeiro protagonista, o noso coleccionista de linguas. Sempre na busca de novas amizades coas que engadir un código máis na súa maleta de camiñante. E o que empezou sendo unha petición de axuda, un intento por comprender un código máis, convértese nunha reflexión sobre a comunicación humana.

Código é un espectáculo de rúa, pensado para que persoas de calquera idade poidan participar e gozar. Unha hora de maxia inventiva e persoal na que seguro os aplausos estarán acompañados das risas e as bocas abertas.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Dani García*

DIRECCIÓN: *Fran Rei*

XÉNERO: *maxia*

60’ FAMILIAR

DANI GARCÍA
VOLTA Á MAXIA

A COMPAÑÍA

1º Premio Michigan Magic Day
2º Premio Close Up Contest IBM Rising de St. Louise
2º Premio TAO M Texas

Desde que en 2004 Dani García fundou a súa propia compañía co obxectivo de producir e interpretar os seus propios espectáculos, o prestixio do seu nome non deixou de medrar. Na actualidade e logo de máis dunha década de traballo, Dani García compaxina as actuacións en Galicia con estancias, funcións e formacións nos Estados Unidos, recollendo así os froitos da súa formación nas diversas ramas da interpretación e da escena, unha bagaxe que lle permite crear producións propias que son auténticas obras de teatro máxicas, onde todo ten un por que e unha lóxica que fai do ilusionismo algo intanxible, pero próximo para o público. O seu recoñecemento déixase ver nos galardóns que ten recollido no Michigan Magic Day, o Close Up Contest IBM Rising de St. Louis ou o TAO M Texas.

O ESPECTÁCULO

Benvidos ao primeiro show de maxia onde o público é quen decide o guión do espectáculo. Nada está escrito nesta montaxe que se camufla baixo a parodia dun concurso televisivo onde lle daremos unha volta á maxia dando a volta á nosa ruleta. Así, o azar porá en xogo a sorte do mago. Non haberá preguntas por resolver. Nin segundos que gañar. As espectadoras e espectadores teñen o control do que sucede sobre o escenario.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Dani García*

XÉNERO: *maxia e teatro xestual*

50' FAMILIAR

DANI GARCÍA
DON GELATI

A COMPAÑÍA

1º Premio Michigan Magic Day
2º Premio Close Up Contest IBM Rising de St. Louise
2º Premio TAO M Texas

Desde que en 2004 Dani García fundou a súa propia compañía co obxectivo de producir e interpretar os seus propios espectáculos, o prestixio do seu nome non deixou de medrar. Na actualidade e logo de máis dunha década de traballo, Dani García compaxina as actuacións en Galicia con estancias, funcións e formacións nos Estados Unidos, recollendo así os froitos da súa formación nas diversas ramas da interpretación e da escena, unha bagaxe que lle permite crear producións propias que son auténticas obras de teatro máxicas, onde todo ten un por que e unha lóxica que fai do ilusionismo algo intanxible, pero próximo para o público. O seu recoñecemento déixase ver nos galardóns que ten recollido no Michigan Magic Day, o Close Up Contest IBM Rising de St. Louis ou o TAO M Texas.

O ESPECTÁCULO

Un brillante día de sol chega á praza da vila un vendedor de xeados, co seu carriño e con moitas ganas de sacarlles un sorriso á veciñanza. Mais o pobre Don Gelati sufrirá todo tipo de imprevistos e infortunios co seu carro, que terá que arranxar con enxeño e cunha chea de maxia antes de que os seus xeados se derretan.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FRAN REI
SUPERHEROE

A COMPAÑÍA

Fran Rei é pallaso en activo, director e membro de Pallasos en Rebeldía, leva 20 anos ao frente de diversas compañías e creando espectáculos que colleitan un gran éxito de público, percorrendo o país con produciónsns como *"Falar sen cancelas"* que se interpretou algo máis de 100 veces. No seu traballo como director tamén destaca *Concerto singular* ou *Concerto Confusión*, que están a xirar con grande recoñecemento por todo o estado.

Ao longo da súa carreira profesional coordinou a compañía oficial do Festiclown, Os sete magníficos, además de traballar en outras compañías como Bagunça Teatro, Produccións Desaqueloutradas, Acontrabutaca e Culturactiva Produciónsns. Dende o 2012 ao 2016 formou con Pedro Brandariz as parellas cómicas *O gordo e o calvo* e *Os ramistas*, para o *Luar* da TVG.

Fran Rei tamén exerce como profesor, dirixindo varias aulas de formación teatral e desenvolvendo regularmente obradoiros de iniciación e perfeccionamento da técnica do clown para nenos, maiores e persoas con diferentes capacidades.

O ESPECTÁCULO

En ausencia, por motivos laborais, de Supernai, o noso *Superheroe* deberá salvar a humanidade de terribles ameazas, sen esquecer a conciliación. Así, deberá loitar contra perigosos axentes malignos mentres prepara as merendas, pon unha lavadora ou cambia un cueiro. E todo, no axustado tempo que lle deixa a apertada axenda de actividades extraescolares dos seus fillos.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

20 ANOS DE CULTURA CON CAUSA

CULTURACTIVA

ESCENA 2020
CONTACONTOS

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Vero Rilo e Sonsoles Penadique*

XÉNEROS: *narración oral, música*

50’ FAMILIAR

RILO & PENADIQUE
BARROCOCÓ

A COMPAÑÍA

Rilo & Penadique narran, cantan e musican historias, contos escoitados nalgún lugar ou escritos nalgún libro, nacidos dende algún lugar do ser. Fusionan o mundo da infancia coa palabra e a música dando lugar a espectáculos de narración oral para crianzas e familias.

Vero Rilo ten unha longa e consolidada traxectoria como contacontos. Educadora na Escola Semente, cursou estudos de iniciación ao teatro da man de Carlos Neira e outros específicos de contadora con Charo Pita e Tim Bowley.

Sonsoles Penadique é licenciada en Historia da Arte na especialidade de Historia da Música e Patrimonio Artístico pola USC e diplomada en Educación Musical pola UVigo, realizou estudos de linguaxe musical, técnica vogal, coral e harmonía moderna na Escola Estudio, e ten tamén o Posgrao de Música Tradicional Galega da USC. Desde cativa estivo vencellada á música tradicional como bailadora, cantareira e gaiteira, e comezou a estudar acordeón diatónico no 2009 con Xavier Blanco, Carlos Quintá e Pedro Pascual.

O ESPECTÁCULO

Rilo&Penadique achégannos á figura do arquitecto Domingo Antonio de Andrade, homenaxeado do Día das Artes Galegas 2020. *Barrococó* é unha proposta musical e narrativa pensada para sensibilizar ao público infantil e ás familias sobre a Arquitectura Barroca a través da experiencia sensorial da narración, a música e a vivencia da propia arquitectura.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Vero Rilo e Sonsoles Penadique*

DIRECCIÓN: *Vero Rilo e Sonsoles Penadique*

XÉNEROS: *narración oral, música*

50' FAMILIAR

RILO & PENADIQUE
CARVALHO CALERO NO CARREIRO

A COMPAÑÍA

Rilo & Penadique narran, cantan e musican historias, contos escoitados nalgún lugar ou escritos nalgún libro, nacidos dende algún lugar do ser. Fusionan o mundo da infancia coa palabra e a música dando lugar a espectáculos de narración oral para crianzas e familias.

Vero Rilo ten unha longa e consolidada traxectoria como conta-contos e educadora.

Sonsoles Penadique é licenciada en Historia da Arte e diplomada en Educación Musical, realizou estudos de linguaxe musical, técnica vogal, coral e harmonía moderna e ten tamén o Posgrao de Música Tradicional Galega.

O ESPECTÁCULO

Co gallo do galardón das *Letras Galegas 2020* a *Carvalho Calero* homenaxeamos a súa figura e ideario lingüístico con música e contos.

A nova proposta do dúo *Rilo & Penadique* convídanos a unha viaxe polas terras da lusofonía para contar, cantar, bailar e brincar cos contos de tradición oral e a música. Partindo do libro do *Zeca Afonso para crianzas* recentemente editado polas Escolas de Ensino Galego Semente, Vero Rilo e Sonsoles Penadique empregan esta motivación para afondar nesta tradición veciña. *Calvalho Calero no carreiro* achéganos a diferentes músicas e artistas que empregan a lusofonía como vehículo de expresión, para as persoas máis pequenas da casa.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

RILO & PENADIQUE
O POZO DAS SEÑORAS

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Vero Rilo, Sonsoles Penadique*

DIRECCIÓN: *Vero Rilo, Sonsoles Penadique*

XÉNEROS: *narración oral, música*

50’ FAMILIAR

A COMPAÑÍA

Rilo & Penadique narran, cantan e musican historias, contos escoitados nalgún lugar ou escritos nalgún libro, nacidos dende algún lugar do ser. Fusionan o mundo da infancia coa palabra e a música dando lugar a espectáculos de narración oral para crianzas e familias.

Vero Rilo ten unha longa e consolidada traxectoria como contacontos. Educadora na Escola Semente, cursou estudos de iniciación ao teatro da man de Carlos Neira e outros específicos de contadora con Charo Pita e Tim Bowley.

Sonsoles Penadique é licenciada en Historia da Arte na especialidade de Historia da Música e Patrimonio Artístico pola USC e diplomada en Educación Musical pola UVigo, realizou estudos de linguaxe musical, técnica vogal, coral e harmonía moderna na Escola Estudio, e ten tamén o Posgrao de Música Tradicional Galega da USC. Desde cativa estivo vencellada á música tradicional como bailadora, cantareira e gaiteira, e comezou a estudar acordeón diatónico no 2009 con Xavier Blanco, Carlos Quintá e Pedro Pascual.

O ESPECTÁCULO

En *O pozo das señoras*, Rilo & Penadique falarannos de historias sorprendentes protagonizadas por mulleres e fiadas por pequenas correntes de auga e emocións, contadas coa incrible capacidade de narrar de Vero Rilo e a sutileza musical de Sonsoles.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Fran Rei*

DIRECCIÓN: *Avelino González*

XÉNEROS: *monicreques e contos*

50’ FAMILIAR

FRAN REI
A HISTORIA DE BRANCAFLOR

A COMPAÑÍA

Fran Rei é pallaso en activo, director e membro de Pallasos en Rebeldía, leva 20 anos ao frente de diversas compañías e creando espectáculos que colleitan un gran éxito de público, percorrendo o país con producións como *“Falar sen cancelas”* que se interpretou algo máis de 100 veces. No seu traballo como director tamén destaca *Concerto singular* ou *Concerto Confusión*, que están a xirar con grande recoñecemento por todo o estado.

Ao longo da súa carreira profesional coordinou a compañía oficial do Festiclown, Os sete magníficos, además de traballar en outras compañías como Bagunça Teatro, Producción Desaqueloutradas, Acontrabutaca e Culturactiva Producións. Dende o 2012 ao 2016 formou con Pedro Brandariz as parellas cómicas *O gordo e o calvo* e *Os ramistas*, para o *Luar* da TVG.

Fran Rei tamén exerce como profesor, dirixindo varias aulas de formación teatral e desenvolvendo regularmente obradoiros de iniciación e perfeccionamento da técnica do clown para nenos, maiores e persoas con diferentes capacidades.

O ESPECTÁCULO

Nesta montaxe achegámonos á lenda popular de Brancaflor, a filla do Demo, a partir da versión que Xosé Ramón Mariño Ferro recolleu na súa escolma *Contos marabillosos*. Unha trama chea de probas máxicas, encantamentos, romances e maleficios. Unha fermosa historia de amor entre Brancaflor e Xan, á que se opón o malvado pai da rapaza.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Fran Rei*

DIRECCIÓN: *Tareixa Campos*

XÉNEROS: *monicreques e cuentos*

55’ INFANTIL

FRAN REI
O CONTO DE BARRIGA VERDE

A COMPAÑÍA

Fran Rei é pallaso en activo, director e membro de Pallasos en Rebeldía, leva 20 anos ao frente de diversas compañías e creando espectáculos que colleitan un gran éxito de público, percorrendo o país con produciónscomo *“Falar sen cancelas”* que se interpretou algo máis de 100 veces. No seu traballo como director tamén destaca *Concerto singular* ou *Concerto Confusión*, que están a xirar con grande recoñecemento por todo o estado.

Ao longo da súa carreira profesional coordinou a compañía oficial do Festiclown, Os sete magníficos, además de traballar en outras compañías como Bagunça Teatro, Producciónss Desaqueloutradas, Acontrabutaca e Culturactiva Produciónss. Dende o 2012 ao 2016 formou con Pedro Brandariz as parellas cómicas *O gordo e o calvo* e *Os ramistas*, para o *Luar* da TVG.

Fran Rei tamén exerce como profesor, dirixindo varias aulas de formación teatral e desenvolvendo regularmente obradoiros de iniciación e perfeccionamento da técnica do clown para nenos, maiores e persoas con diferentes capacidades.

O ESPECTÁCULO

Fran Rei presenta un novo espectáculo unipersoal que mestura narración oral, humor e maxia: *O conto de Barriga Verde*. Escrito por Avelino González a partir de tres obras de Manuel María (*Barriga Verde*, *Os soños na gaiola* e *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*), *O conto de Barriga Verde* pretende ser un achegamento á poesía, prosa e teatro do autor lucense a quen se lle dedica o Día das Letras 2016.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Fran Campos*

DIRECCIÓN: *Fran Campos*

XÉNEROS: *contos, música, teatro, monicreques*

50’ PI

BANDULLO AZUL
FILIPA COS CONTOS

A COMPAÑÍA

Bandullo Azul naceu en 2012, formada polos actores e cómicos Fran Ameixeiras e Fran Campos e homenaxeando ao pioneiro dos monicreques galegos Barriga Verde.

Fran Campos formouse en escolas de teatro, así como con mestres e mestras como Leo Bassi, Claudia Contín, Anton Valén, Jos Houben… Además leva máis de dez anos co Padre Merino, espectáculo no que se mesturan o clown, o bufon, maxia, música… Fran Ameixeiras tamén se formou con artistas de prestixio como Carlo Colombaioni, Blanca del Barrio ou Eric de Bont, participou da creación do GTO 100Tolas e percorreu os escenarios do país co pallaso Mentalini.

O ESPECTÁCULO

Unha sesión “filipante” de contos para toda a familia. Historias tradicionais, música e humor repártense entre os dous contadores que soben a escena: o actor Fran Campos e a súa amiga Filipa, que dará un valor engadido ás historias de carácter tradicional: a súa experiencia. Pero ollo, que non son uns contos calquera. Entre eses contos haberá tamén historias cantadas. Haberá historias e xogos de palabras feitas cancións. Historias non só do noso entorno máis próximo, senón tamén doutras terras. Contos “filipantes”, acompañados dunha guitarra. Fran Campos e Filipa, os dous e cadaquén ao seu xeito, farán posible unha sesión para todos os públicos. Tanto nenas e nenos como maiores poderán gozar, aprender, reflexionar… desde as súas distintas visións dos contos populares.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

20 AÑOS DE CULTURA CON CAUSA

CULTURACTIVA

ESCENA 2020
TEATRO FAMILIAR

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Rocío González e Cristina Collazo*
DIRECCIÓN: *Fina Calleja*
AUTORA: *Nate Borrajo*
ESCENOGRAFÍA: *Carlos Domínguez del Río*
VESTIARIO: *La Canalla*
RESPONSABLE TÉCNICO: *David Rodríguez*
ASESOR ARTÍSTICO: *Avelino González*
XÉNEROS: *familiar*

70’ FAMILIAR

CULTURACTIVA
ROSALÍA

A COMPAÑÍA

Culturactiva Producións somos unha compañía e produtora que fai realidade as necesidades reais dos programadores e programadoras, froito do noso coñecemento do sector como distribuidora. Con pezas como *Falar sen Cancelas*, *Sénior* ou *Saaabor!* no noso haber, temos unha produción teatral constante con espectáculos adaptados a todo tipo de espazos e requerimentos, a datas sinaladas e sempre creamos pensando no público ao que nos diriximos. O humor e a versatilidade son as nosas señas de identidade.

O ESPECTÁCULO

ROSALÍA é moito máis que un achegamento teatral á vida e obra de Rosalía de Castro, é un espectáculo necesario. Nesta montaxe, os nenos e nenas descubrirán en *Rosalía* a unha rapaza alegre, forte e curiosa como eles/as, que vive, xoga e goza no país da infancia.

María Rosalía Rita tamén foi nena. As biografías non o contan, pero unha das grandes voces literarias da historia tamén foi nena e foi nena que cantaba e xogaba, que lía e comía chocolate. Esta *Rosalía* que aínda non precisaba apelidarse de Castro e que está a piques de marchar a Santiago é a protagonista desta obra de teatro que quere contarlles ás nenas e aos nenos que a infancia é o lugar onde medran as poetas: entre a rebeldía, as lecturas, a curiosidade, o xogo e as cancións con rimas e sen autor.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

PEDRAS DE CARTÓN
LÁZARO DE TORMES

A COMPAÑÍA

Pedras de Cartón nace na Coruña cunha visión aberta ao exterior, coa intención de crear espectáculos que poidan chegar ao maior número de públicos posible. Con *Lázaro de Tormes* abordan o clásico picaresco pero contado e representado, por primeira vez, sen palabras. A compañía conta para esta tarefa con profesionais cunha ampla traxectoria no teatro infantil e xuvenil, da man de Juan Rodríguez, socio fundador de Caramuxo Teatro.

O ESPECTÁCULO

Pedras de Cartón presenta a historia do Lazarillo de Tormes contada por primeira vez con máscaras e sen palabras. A compañía conta para esta tarefa con profesionais cunha ampla traxectoria no teatro infantil e xuvenil, da man de Juan Rodríguez, socio fundador de Caramuxo Teatro. Así, Xosé Manuel Esperante, Xosé Vilarelle, Juan Rodríguez e Suso Jalda/Laura Sarasola abordan dende o escenario e baixo a dirección de Pablo Sánchez esta peza picaresca do imaxinario popular que ademais forma parte do currículo educativo nas escolas.

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Xosé Manuel Esperante, Xosé Vilarelle, Juan Rodríguez e Suso Jalda/Laura Sarasola*

DIRECCIÓN: *Pablo Sánchez*

DRAMATURXIA: *Juan Rodríguez*

MÁSCARAS: *Tigre de Papel*

ESCENOGRAFÍA: *José Manuel Faro "Coti"*

BANDA SONORA ORIXINAL: *Davide González*

XÉNEROS: *teatro*

55' FAMILIAR

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Xose Manuel Esperante, Andrea Bayer e Óscar Ferreira*

DIRECCIÓN: *Andrea Bayer e Óscar Ferreira*

DESEÑO DE ILUMINACIÓN: *Daniel Abalo*

MÚSICA ORIXINAL: *Davide González*

TÍTERES: *Óscar Ferreira e José Manuel Vidal*

XÉNEROS: *teatro, monicreques, música*

50’ **FAMILIAR** (ideal a partir de 4 anos)

BAOBAB TEATRO
MAI MAI

A COMPAÑÍA

Premio ao Mellor Espectáculo Infantil na XVIII Feira de Teatro de Castela e León por Luppo

Baobab Teatro é unha compañía pontevedresa que aposta polo teatro infantil de calidade, formada por dous profesionais cunha solvencia fóra de toda dúbida: Óscar Ferreira e Andrea Bayer. Ferreira conta cunha amplísima experiencia como titiriteiro, construtor de monicreques e escenografías, mentres Bayer dirixiu e interpretou espectáculos como Golulá, premiado na Feria de Ciudad Rodrigo, a Mostra de Teatro de Ribadavia ou Domingos do Principal 2008. Traballando xuntos realizaron montaxes como *Fíos*, *O lobo e a lúa*, *Pum, pum*!, *Puño, puñete* ou *Luppo*, acadando tamén o recoñecemento do sector e o público en numerosos certames e xirando polas programacións escolares e familiares máis importantes da Península.

O ESPECTÁCULO

Mai Mai é a historia do último oso panda do planeta e a súa loita por sobrevivir. A falta de comida e os problemas ocasionados polo quecemento global fan difícil a supervivencia desta especie. Unha muller forte e emprendedora e un famoso fotógrafo comezan unha viaxe por separado para atopar o último panda do planeta, toda unha aventura na que atoparán unha chea de problemas que solventar…

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

BAOBAB TEATRO
PUÑO PUÑETE

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Andrea Bayer e Xosé Manuel Esperante*

DIRECCIÓN: *Óscar Ferreira*

XÉNEROS: *narración oral, música*

35’ BEBÉS

A COMPAÑÍA

Premio ao Mellor Espectáculo Infantil na XVIII Feira de Teatro de Castela e León por Luppo

Baobab Teatro é unha compañía pontevedresa que aposta polo teatro infantil de calidade, formada por dous profesionais cunha solvencia fóra de toda dúbida: Óscar Ferreira e Andrea Bayer. Ferreira conta cunha amplísima experiencia como titiriteiro, construtor de monicreques e escenografías, mentres Bayer dirixiu e interpretou espectáculos como Golulá, premiado na Feria de Ciudad Rodrigo, a Mostra de Teatro de Ribadavia ou Domingos do Principal 2008. Traballando xuntos realizaron montaxes como *Fíos*, *O lobo e a lúa*, *Pum, pum*!, *Puño, puñete* ou *Luppo*, acadando tamén o recoñecemento do sector e o público en numerosos certames e xirando polas programacións escolares e familiares máis importantes da Península.

O ESPECTÁCULO

Puño, Puñete é un espectáculo de música en directo, cantigas, contos e tradición oral. O punto de partida é un diálogo rimado que moita xente coñecerá: “Puño, Puñete, que tes por dentro? / Pan e fermento! / Puño, Puñete, que tes por fóra? / Pan e cebola!”. Comezando dese xeito, Baobab convida aos cativos e cativas coas súas familias a descubrir un mundo de sensacións e emocións. O espectáculo está pensado para público de 1 a 7 anos e apoiado cun disco, respectando un dos principios de Baobab Teatro: a súa crenza na palabra, na música e as cantigas como medio de comunicación dende que nacemos, dende o berce.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Andrea Bayer e Xosé Manuel Esperante*

DIRECCIÓN: *Óscar Ferreira*

GUIÓN: *Andrea Bayer*

DESEÑO DE ILUMINACIÓN: *Daniel Abalo*

MÚSICA ORIXINAL: *Davide González*

MÚSICA NANA: *Elena Paz*

DESEÑO DE ESCENOGRAFÍA: *Óscar Ferreira*

ESCENOGRAFÍA E TÍTERES: *Óscar Ferreira e José Manuel Vidal*

MATERIAL AUDIOVISUAL E FOTO: *Víctor Moreno*

XÉNEROS: *teatro, monicreques, música*

50’ FAMILIAR (ideal de 6 a 10 anos)

BAOBAB TEATRO
PUM PUM!

A COMPAÑÍA

Premio ao Mellor Espectáculo Infantil na XVIII Feira de Teatro de Castela e León por Luppo

Baobab Teatro é unha compañía pontevedresa que aposta polo teatro infantil de calidade, formada por dous profesionais cunha solvencia fóra de toda dúbida: Óscar Ferreira e Andrea Bayer. Ferreira conta cunha amplísima experiencia como titiriteiro, construtor de monicreques e escenografías, mentres Bayer dirixiu e interpretou espectáculos como Golulá, premiado na Feria de Ciudad Rodrigo, a Mostra de Teatro de Ribadavia ou Domingos do Principal 2008. Traballando xuntos realizaron montaxes como *Fíos*, *O lobo e a lúa*, *Pum, pum*!, *Puño, puñete* ou *Luppo*, acadando tamén o recoñecemento do sector e o público en numerosos certames e xirando polas programacións escolares e familiares máis importantes da Península.

O ESPECTÁCULO

Marieta é coma calquera nena de 5 anos, rodeada de portas que se abren e contan historias. Historias que teñen música e cantan cando Marieta quere. Mais Marieta ten unha porta que garda un segredo. Un segredo que nunca contou e ninguén escoitou. Por iso Marieta ás veces non fala e queda calada. Por iso Marieta sempre se enfada, por iso dende hai tempo ten pesadelos e máis pesadelos.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA



FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Fran Rei, Saleta Fernández*

DIRECCIÓN: *Iván Prado*

AUTOR: *Carlos Labraña (IX Premio Manuel María)*

ILUMINACIÓN E SON: *Paula Castro*

ESCENOGRAFÍA: *Kukas*

VESTIARIO: *Kukas e Chus Aldrey*

MÚSICA ORIXINAL: *Jerry Noia*

PRODUCIÓN: *Pallasos en Rebeldía e Culturactiva*

50’ FAMILIAR

PALLASOS EN REBELDÍA
O VALO

A COMPAÑÍA

A Asociación Cultural e de Cooperación Internacional *Pallasos en Rebeldía* é un espazo artístico de solidariedade internacional, transformación política e fraternidade entre os pobos que se expresa a través do teatro, o clown e as artes circenses, no que conflúen artistas de diferentes países, sobre a base de que a alegría e a risa poden e deben ser transformadoras. Pallasos en Rebeldía combaten culturalmente á beira das colectividades que lle fan fronte ao sistema global de terror. Ademáis da acción do colectivo en zonas de conflicto crean espectáculos que concian sobre as realidades máis duras e que ás veces parecen lonxanas sempre dende o humor.

O ESPECTÁCULO

O valo fala do encontro de dous mundos, dúas realidades, dúas consciencias encarnadas en dous personaxes ben distintos: O Soldadiño de Chumbo e Sahara, a rosa do deserto. Un encontro a ambos os dous lados dunha fronteira que non só separa a civilización do baleiro, senón que abre unha ferida no corazón da humanidade. *Pallasos en Rebeldía* decide crear e producir este espectáculo, coa crise das persoas refuxiadas de fondo, para convidar ao público infantil a reflexionar e tomar conciencia sobre esta problemática que está a enquistarse nas nosas fronteiras.

O Valo é unha obra de teatro de Carlos Labraña galardoada co remio Manuel María de Literatura Teatral Infantil.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Vero Rilo e Sonsoles Penadique*

DIRECCIÓN: *Vero Rilo e Sonsoles Penadique*

XÉNEROS: *narración oral, música*

30’ BEBÉS

RILO & PENADIQUE
ARRE RU

A COMPAÑÍA

Rilo & Penadique narran, cantan e musican historias, contos escoitados nalgún lugar ou escritos nalgún libro, nacidos dende algún lugar do ser. Fusionan o mundo da infancia coa palabra e a música dando lugar a espectáculos de narración oral para crianzas e familias.

Vero Rilo ten unha longa e consolidada traxectoria como contacontos. Educadora na Escola Semente, cursou estudos de iniciación ao teatro da man de Carlos Neira e outros específicos de contadora con Charo Pita e Tim Bowley.

Sonsoles Penadique é licenciada en Historia da Arte e diplomada en Educación Musical, realizou estudos de linguaxe musical, técnica vogal, coral e harmonía moderna e ten tamén o Posgrao de Música Tradicional Galega. Desde cativa estivo vencellada á música tradicional.

O ESPECTÁCULO

Arre ru é unha palabra que vive na boca. Non quere dicir nada, pero o *A* abre o asombro, o *RRE* a repetición, e o *RU* a delicadeza.

As palabras acompáñanse da musicalidade da voz, dos ollos, dos xestos, do tacto… As crianzas tempéranse mellor con estes apoios, e nós ao pé da voz poñemos a voz dun acordeón diatónico, a voz multiplicada e asombrosa. Somos bebés, somos persoas adultas, somos xente da man doutra xente. A linguaxe en singular non existe aquí: primeiro apréndese en familia. A narración oral é a flor da vida en compañía para afrontar o que veña.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

20 AÑOS DE CULTURA CON CAUSA

CULTURACTIVA

ESCENA 2020
TEATRO ADULTOS

CULTURACTIVA
PAPAR SER CANCELAS

A COMPAÑÍA

Culturactiva Producións somos unha compañía e produtora que fai realidade as necesidades reais dos programadores e programadoras, froito do noso coñecemento do sector como distribuidora. Con pezas como *Falar sen Cancelas*, *Sénior* ou *Saaabor!* no noso haber, temos unha produción teatral constante con espectáculos adaptados a todo tipo de espazos e requerimentos, a datas sinaladas e sempre creamos pensando no público ao que nos diriximos. O humor e a versatilidade son as nosas señas de identidade.

O ESPECTÁCULO

Culturactiva ten o pracer de convidarvos a *Papar sen cancelas*, un delicioso espectáculo onde poderedes deleitarvos cunha exquisita selección gourmet dos mellores pratos da nosa lingua. Linguas soltas, linguas hábiles, linguas deslinguadas, linguas para todos os gustos! Poderedes presenciar as artes para a cociña cómica de tres xeniais chefs preparando o menú para personaxes entre o máis distinguido do panorama galego actual. Comedia de alta cociña sobre a cultura galega. Porque en Galicia cómese ben, e fálase mellor.

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Isabel Risco, Pedro Brandariz e Fran Rei*

DIRECCIÓN: *Diego Rey*

AUTORES: *Xurxo Barcala, Diego Rey, Avelino González e Jose Prieto*

XÉNEROS: *comedia, clown e improvisación*

75’ ADULTO

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Marcos Orsi, Luís Iglesia*
AUTORÍA: *creación colectiva*
DIRECCIÓN: *Avelino González*
DESEÑO DE ESCENOGRAFÍA: *Kukas*
RESPONSABLE TÉCNICA: *Paula Castro*
XÉNEROS: *comedia*
70’ ADULTO

CULTURACTIVA
SÉNIOR

A COMPAÑÍA

Culturactiva Producións somos unha compañía e produtora que fai realidade as necesidades reais dos programadores e programadoras, froito do noso coñecemento do sector como distribuidora. Con pezas como *Falar sen Cancelas*, *Sénior* ou *Saaabor!* no noso haber, temos unha produción teatral constante con espectáculos adaptados a todo tipo de espazos e requerimentos, a datas sinaladas e sempre creamos pensando no público ao que nos diriximos. O humor e a versatilidade son as nosas señas de identidade.

O ESPECTÁCULO

Culturactiva S. Coop. Galega presenta *Sénior*, un espectáculo cómico sobre a crise dos 50, cos coñecidos e populares actores Luís Iglesia e Marcos Orsi como protagonistas, e dirixida por Avelino González. Unha reflexión en clave de humor sobre a chegada ás portas da terceira idade. Cando se abandona a madurez e se comeza a ser “sénior”? Iglesia e Orsi rin de si mesmos ante nós, cun texto enxeñoso de creación propia.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Fran Rei, Isabel Risco*

DIRECCIÓN: *Avelino González*

XÉNEROS: *comedia*

50’ FAMILIAR

CULTURACTIVA
DOUS NO CAMIÑO

A COMPAÑÍA

Culturactiva Producións somos unha compañía e produtora que fai realidade as necesidades reais dos programadores e programadoras, froito do noso coñecemento do sector como distribuidora. Con pezas como *Falar sen Cancelas*, *Sénior* ou *Saaabor!* no noso haber, temos unha produción teatral constante con espectáculos adaptados a todo tipo de espazos e requerimentos, a datas sinaladas e sempre creamos pensando no público ao que nos diriximos. O humor e a versatilidade son as nosas señas de identidade.

O ESPECTÁCULO

Nesta montaxe, dirixida a todos os públicos e cunha posta en escena moi sinxela, revísanse tres das lendas xacobeas máis populares: a do cabaleiro francés Roldán, a da barca de pedra de Muxía, e a traslatio do Apóstolo Santiago a Compostela. Sempre en ton cómico, mais mantendo a esencia destas historias máxicas e con total respecto, Dous no camiño pretende ser un divertido e sinxelo achegamento ás lendas xacobeas, facendo especial fincapé nas raíces galegas das mesmas.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

DINAMO TEATRO
EU QUERÍAME CASARE

A COMPAÑÍA

Dinamo Producións é unha compañía creada no ano 2006 e especializada en espectáculos cómicos, tanto para público familiar como para público adulto. Na súa traxectoria, Dinamo teñen realizado montaxes de moi diferente natureza: espectáculos de rúa, animacións teatrais, pasarrúas, clown, narración oral…

Dinamo Producións conta cun elenco de artistas de recoñecido prestixio e ampla experiencia e formación, que utilizan técnicas teatrais diversas, dende o clown e o teatro ata a narración oral, sempre cunha intención clara: ofrecer espectáculos de calidade que arrinquen sorrisos e gargalladas ao público.

O ESPECTÁCULO

Eu queríame casare é unha comedia total que relata a historia de dous auténticos perdedores na procura da súa última oportunidade no amor. Antón e Lola están cerca dos corenta anos e están buscando unha relación máis… menos… Unha relación. Calquera. Unha relación á que poder agarrarse como un cravo ardendo antes de pase o tren, pase o arroz e pase… o que teña que pasar.

O seu comeza cando se coñecen nun programa de televisión de "cita a cegas". A cousa non funciona, pero Antón e Lola, Lola e Antón, son de todo menos predicibles e pode acabar pasando calquera cousa. Poñámonos no peor.

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Lucía Veiga e Pedro Brandariz*

AUTOR: *José Prieto*

ESCENOGRAFÍA E ATREZZO: *Eli Monteagudo*

XÉNEROS: *teatro cómico*

75' ADULTO

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

20 AÑOS DE CULTURA CON CAUSA

CULTURACTIVA

ESCENA 2020
NARRACIÓN ORAL

AVELINO GONZÁLEZ

SEREAS, DRAGÓNS E PISTAS DE BAILE

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Avelino González*

XENEROS: *narración oral, comedia*

50’ ADULTOS

A COMPAÑÍA

Actor, contador, monologuista, tradutor… Avelino González é o que faga falta. Empezou nisto por casualidade e agora gústalle incluso picar entradas. Gústalle entreter á xente con personaxes e historias que emocionen e divirtan porque a él tamén lle gusta que o emocionen e o divirtan.

En televisión ten actuado en series como *Serramoura*, *Pazo de Familia* ou *Padre Casares* para a TVG e na TVE1 en *Hospital central*, *Cuéntame* ou *Seis hermanas*. Ademais de diferentes traballos para cine ou series web. En teatro actúa, dirixe e traduce, tendo varios premios por obras como *Bicos con Lingua* ou *Comedia*.

O ESPECTÁCULO

O polifacético Avelino González sorpréndenos con este novidoso espectáculo de narración oral, teatro, audiovisual e humor no que mestura o vello co novo para falar de amor.

O amor… xa se sabe, ás veces tenro, tantas veces ridículo e, visto dende fóra, sempre divertido.

As historias que se contan son tradicionais e contemporáneas, con música (de baile, por suposto): Hai sereas (e mais outro animal que non conto agora por non matar o misterio), mouras que queren que un rapaz as desencante (cousa que si, ten dobre sentido) e dragóns que raptan mozas.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Isabel Risco*

DIRECCIÓN: *Isabel Risco*

XÉNEROS: *comedia*

45’ ADULTO

ISABEL RISCO
NABIZA GIRL

A COMPAÑÍA

Premio FETEGA Carballiño á Mellor Actriz 2015

Actriz, clown e pedagoga teatral, Isabel Risco formouse con mestres coma Eric de Bont, Jango Edwards, John Wright, Leo Bassi, Serge Nail, Kirko Koski, Alfredo Rodríguez, Tom Greder, Claudia Contín, Ángel Burgos, Sophie Gazel, Carlo Colombaioni, Pablo Muñoz, Johns Pappila, Manuel Lourenzo, Carlo Bosso... Ademais de estar sobradamente preparada, leva varios lustros levando á práctica a súa vis cómica sobre as táboas ou diante das cámaras. Desde o ano 2000 participa en espectáculos profesionais nas compañías Espello Cóncavo, Os Sete Magníficos máis Un, Manicómicos e Produccións Desaqueloutradas. No ámbito do audiovisual, traballa como actriz secundaria e protagonista en series como *Padre Casares*, *Era visto*, *A vida por diante*, *O Nordés* ou *Air Galicia*, e outros programas da TVG como *O Show dos Tonechos*, *En pé de festa*, *Zapping comando*, *Máxima audiencia*, *Land Rober* ou *Tourilandia*; ademais de realizar curtas, publicidade e algunha longametraxe, como *Os mortos van ás présas*, *Onde está a felicidade?* ou *9 Ondas*.

O ESPECTÁCULO

Neste espectáculo coñecemos a Chelo García Naveira, máis coñecida como Nabiza Girl, unha superheroína rural galega con denominación de orixe protexida e poderes que proveñen do sulfato!

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Vero Rilo e Faia Díaz*

DIRECCIÓN: *Vero Rilo e Faia Díaz*

XÉNEROS: *narración oral*

55’ ADULTO

APATACÓN
POR UNHA PESETA

A COMPAÑÍA

Compañía de nova creación da man da vocalista Faia Díaz (Coro Encaixe, De Vacas...) e a contadora Vero Rilo (Daboapipa, Rilo&Penadique...), onde se xuntan por gusto e querenza para investigar os límites e puntos de encontro das súas disciplinas de orixe, achegándoas ata diluílas.

Vero Rilo é unha das transmisoras de emocións máis importantes do momento, unha narradora cunha forza, técnica e expresividade que a fan única e inesquecible.

Faia Díaz é cantante e creadora en De Vacas, que compaxina con outros proxectos musicais como a súa recente obra en solitario *Ao cabo leirín*. Unha vocalista que manexa unha enorme variedade de rexistros e unha incrible voz, e que se aventura con nós neste proxecto a medio camiño entre a canción e narración.

O ESPECTÁCULO

Por unha peseta é un traballo onde voz narrada e cantada se achegan por menos de nada para atopar canto vale unha peseta.

Historias de vida recollidas no noso entorno e no universal xúntanse nunha peza que nos achega a partes iguais ao humor, á sensibilidade e á tenrura propias da nosa xente. *Por unha peseta* lévanos aos tempos dos nosos devanceiros, pero dende un punto de vista actual que respecta os seus saberes, tradicións, historias e retranca. Moita retranca.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Sergio Pazos*

DIRECCIÓN: *Sergio Pazos*

XÉNEROS: *narración oral*

75' · 90' ADULTO

SERGIO PAZOS
AFIANDO CON HUMOR

A COMPAÑÍA

Actor polifacético, Sergio Pazos é unha cara ben coñecida na pequena pantalla grazas ao seu traballo de audaz reporteiro en *Caiga Quien Caiga* e os seus papeis en *Cuéntame cómo pasó* ou *Pratos combinados*. Porén, a súa traxectoria profesional, ampla e contrastada, destaca pola súa versatilidade, combinando o audiovisual co seu desempeño de todo tipo de roles en compañías teatrais como Caritel ou dentro de diversas producións do Centro Dramático Galego dende os anos oitenta.

O ESPECTÁCULO

Sergio Pazos estrea unha nova proposta na que afía o humor do país partindo dunha das nosas principais iconas: o afiador. Quen sabe máis do mundo que aqueles que viaxan por el? O actor aproveita que vén de Ourense, coñecida como a "terra da chispa" por ser terra de afiadores, e métese na pel dun deles para contarlle á xente quen son, de onde veñen e onde van estas persoas que sempre percorreron o mundo contando historias do que vían, do que vivían e do que escoitaban. Iso si, con humor galego, retranca e relatos moi nosos.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

SERGIO PAZOS
REBENTO SE NON O CONTO

A COMPAÑÍA

Actor polifacético, Sergio Pazos é unha cara ben coñecida na pequena pantalla grazas ao seu traballo de audaz reporteiro en *Caiga Quien Caiga* e os seus papeis en *Cuéntame cómo pasó* ou *Pratos combinados*. Porén, a súa traxectoria profesional, ampla e contrastada, destaca pola súa versatilidade, combinando o audiovisual co seu desempeño de todo tipo de roles en compañías teatrais como Caritel ou dentro de diversas producións do Centro Dramático Galego dende os anos oitenta.

O ESPECTÁCULO

Un galego recoñecido, ou recoñecible segundo se mire, atrévese a analizar unha realidade tan próxima e tan afastada como a que conforma España. No seu percorrido retranqueiro desta realidade, Serxio Pazos reflexionará sobre os monólogos e de por que el non os fai (ou si), sobre xeito de sermos os galegos e ou sobre a idiosincrasia de Mariano Rajoy (que é galego ao 100%). Tamén esmiuzará a apocalipse, os recortes e, sobre todo, falará da crise: na Casa Real, dos políticos, do goberno, entre outras cousas. É que se non conta todo iso... rebenta!

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Sergio Pazos*

DIRECCIÓN: *Sergio Pazos*

XÉNEROS: *monólogo, comedia*

60' ADULTO

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

MÚSICA 2020

CULTURACTIVA

20 ANOS DE CULTURA CON CAUSA

CULTURACTIVA

MÚSICA 2020
FOLK / WORLD MUSIC

NOVO TRABALLO 2020

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Pandeireteiras: Ana Rodríguez, Rosario Rodríguez, Montse Rivera, Felisa Segade, Patricia Segade e Mercedes Rodríguez*

XÉNEROS: *Folk-Trad*

75’ FAMILIAR

LEILÍA

CANTARELAS, 30 ANIVERSARIO

A BANDA

Leilía nace no ano 89 cando seis mulleres se xuntan para recuperar do esquecemento a tradición oral galega. Ao son de pandeiretas e voces, pronto van agromando os froitos. A mediados dos noventa chega o seu louvado debut *Leilía*, composto exclusivamente por pezas tradicionais. O seguinte reto será achegar a música do pasado ao presente, por medio da incorporación de instrumentos e polifonías non tradicionais. Así nace *I é verdade i é mentira* (1998). No ano 2003 chega *Madama*, onde a fórmula se enriquece incorporando letras de temática actual.

Xa no 2005 publican *Son de Leilía*, un percorrido pola historia do grupo. Ás portas do 2012 sae á luz *CONsentimento*, un disco no que apenas tres instrumentos abeiran á perfección a beleza do canto tradicional e os versos de varias poetas galegas da actualidade. Actualmente celebran o seu 30º aniversario co espectáculo *CantarELAS*, no que miran atrás e conectan a súa oríxe coa actualidade, pasando poas diferentes sonoridades do grupo.

O ESPECTÁCULO

O espectáculo *CantarELAS* florece aunando temas emblemá-ticos, que acompañaron e emocionaron a Leilía e ao seu público nos directos, con temas pouco coñecidos e revestidos co toque actual da banda. Con eles queren celebrar o seu 30º aniversario, e pechar o círculo conectando a orixe coa actualidade, pasando polas diferentes sonoridades do grupo.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

MERCEDES PEÓN: *dirección artística, composición, samplers, percusión formal, gaita, voces*

MÓNICA DE NUT: *sintetizador, voces, piano*

ANA GARCÍA: *percusión tradicional, voces*

XÉNERO: *world music/electrónica*

75’ TODOS OS PÚBLICOS

MERCEDES PEÓN
DÉIXAAS

A ARTISTA

Premio Nacional á Cultura da Xunta de Galicia
Artista do ano para Folkword
Candidata a artista do ano para BBC Radio 3

Compositora, vocalista e instrumentista galega, *Mercedes Peón* é considerada como unha das mulleres máis carismáticas do circuíto da world music actual. A súa música achega unha variedade compositiva que arrinca desde a polirritmia e culmina en temas eclécticos e descaradamente vibrantes. A enerxía que se apodera de cada unha das súas actuacións, fan desta muller unha figura fundamental da escena etnocontemporánea en Europa.

O ESPECTÁCULO

Déixaas é o resultado dunha intensa etapa de investigación sobre as posibilidades da arte sonora traída ao eido no que Peón se ergue como referente internacional: a música de raíz, a tradición máis xenuína. *Déixaas* amplía o universo creativo de Mercedes Peón combinando artesanía musical e vangarda creativa dun xeito excepcional. Sen abandonar a súa base tradicional, o álbum inclúe unha faceta contemporánea inspirada en espazos acústicos de nova natureza e composicións que traballan coa palabra poética dramatizada. Diferentes ambientacións e texturas que gañan peso nunha obra que conta tamén con Mónica de Nut e Ana Fernández. *Déixaas* sitúa a Mercedes Peón nunha exquisita madurez creativa e compositiva, e o seu directo ofrece unha experiencia artística única con tres formatos diferentes: Trío, Formato con colaboracións e Formato con colaboracións + artistas convidadxs.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

MIGUEL A. PEREIRA: *Pandeireta, cunchas e "peitoque"*
SUSO FEIXÓN: *Pandeireta, cunchas e "peitoque"*
ALBERTO LÓPEZ: *Tamboril, percusións varias e cencerro*
ALEXANDRE FERNÁNDEZ: *Tamboril, morteiro e pandeireta*
IVÁN BLANCO: *Tamboril, cunchas e pandeireta*
DIEGO PAZO: *Bombo grave e "peitoque"*
DAVID GÓMEZ: *Tamboril, "peitoque", cunchas, e brillos*
RUBÉN CRESPO: *Bombo agudo*
NICO RICÓN: *Bombo medio e cencerro*
DIEGO CABALEIRO: *Pandeireta e claves*

55' TODOS OS PÚBLICOS

PELEPAU
FÍO E AGULLA

A BANDA

Pelepau nace na cidade olívica no 2010 e está formado por 11 percusionistas de recoñecida traxectoria no panorama musical galego. É un conxunto musical que ten como obxetivo adaptar as cantigas tradicionais e populares con voces e percusións varias. A súa proposta intenta transmitir e conservar a cultura galega mediante un espectáculo interactivo, cunha posta en escena dinámica e en constante interacción co público, sendo ao mesmo tempo, un espectáculo versátil e diverso. Poden ofrecer tanto actuacións de escenario, pasarúas como obradoiros de percusión.

O ESPECTÁCULO

Os instrumentos de percusión empregados por *Pelepau* nos seus concertos son, na súa gran maioría, tradicionais galegos, destacando os que antano eran utensilios da vida cotián como as culleres, tixolas, botellas de anís, morteros, etc, para deste xeito, recuperar e potenciar a riqueza da instrumentación galega.

A publicación no 2015 do seu primeiro traballo discográfico, *Fío e Agulla*, fai un percorrido pola música popular galega mesturada e influenciada polos ritmos tradicionais das culturas que durante anos, e no mesmo presente, conviven coa colectividade emigrante galega, interpretada como non, cun chisco de humor.

O repertorio de *Fío e Agulla* caracterízase por trasladar ao ouvinte ás festas populares de Galicia (romerías, seráns, foliadas, etc.), incitando ao movemento corporal pola presencia ben marcada da percusión.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

TALABARTE
FAKE

A BANDA

Nomes intimamente vencellados con grandes proxectos da música galega coma Berrogüetto ou Marful e tamén con prestixiosos músicos de jazz coma Jorge Pardo, Walter White ou Steve Brown.

Tras publicar o seu primeiro traballo discográfico, recibiron grandes eloxios de crítica e público, levando a súa musica por teatros, auditorios e festivais da Península Ibérica, Bretaña, Serbia… *Fake* saíu en 2016 con ilustracións de Pablo Xiráldez "*O Pastor*" e textos de Carlos Meixide acompañando músicas inspiradas por esas historias que non se sabe canto teñen de real e canto de mentira.

O ESPECTÁCULO

Premio Martín Códax 2017 na categoría de Músicas do Mundo
Premio Opinión da Música de Raíz 2017 ao Mellor Álbum

Cóntase que os Talabarte viaxaron durante 15 anos a bordo do *Tradincerto*, un aparello antigo de despezamento e descubriron un mundo de historias fascinantes. De moitas coñeceron varias versións: a oficial, a popular, a lenda ou a crenza… Axiña se decataron de que todas elas tiñan algo en común: a incerteza de non saber se eran verdadeiras ou falsas. E así foi como comezaron a interesarse polo mundo dos *"fakes"*.

Un traballo que bebe da tradición europea de ritmos bailables. Contemporaneidade e tradición xuntas nun directo orixinal e impactante. Imposible acougar os pés e non deixar voar os sentidos con *Fake*.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

QUIM FARINHA: *Violín*

KIN GARCÍA: *Contrabaixo*

PEDRO PASCUAL: *Acordeón diatónico*

XÉNEROS: *world music/trad*

75' TODOS LOS PÚBLICOS

CARAPAUS
DÉIXAO ANDAR...

A BANDA

Carapaus é un grupo de música tradicional formado en Santiago de Compostela no verán do 2010. Intégrano cinco compoñentes: Emilio Lois, gaiteiro da Baña e mestre en numerosas asociacións de música e cultura tradicionais, como OCT Ultreia; Oli Xiráldez (frautas), artesán e músico de longa traxectoria, membro de Chouteira e colaborador de proxectos como Malvela; Gustavo Couto (voz e tamboril), mestre de baile tradicional e coautor do libro *Bailabén*; Sabela Galbán (voz e acordeón), estudante de frauta traveseira no Conservatorio de Música Superior da Coruña; e Adrián Lareo (bombo e voz), gaiteiro e estudante de Construción artesanal de Gaita na EMAO de Vigo.

Baixo a proclama "Somos ghaiteiros, somos revolusionarios", Carapaus teima en amosar a música tradicional galega, así como aportar composicións de fondo trazo tradicional ao acervo cultural galego.

O ESPECTÁCULO

Despois de percorreren escenarios, amenizar torreiros e romarías do país, e dous discos cargados de sons tradicionais, caracterizados pola sonoridade da gaita, Carapaus son un exemplo destacado entre as figuras do folk galego actual. Baixo a proclama "Somos ghaiteiros, somos revolusionarios", o grupo teima en amosar ao público a música galega de raíz, así como aportar composicións propias de fondo trazo tradicional ao acervo cultural galego.

FICHA ARTÍSTICA

GUSTAVO COUTO: *tambor e voz*

EMILIO LOIS: *gaitas*

CRISTINA COTILLA: *bombo e voz*

NATALIA LODEIROS: *saxo soprano e voz*

DAVID ALVAREZ: *acordeón*

OLI XIRÁLDEZ: *frautas*

75' FAMILIAR

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

PESDELÁN

Mediante a música en vivo e o ensino de bailes e xogos sinxelos ao público, pretenden recuperar o espírito participativo das festas e integrar a todas as persoas sen importar a súa idade, condición física ou experiencia. Pesdelán xorde no 2008 da unión de reputados músicos, bailadores e mestres de coñecidas formacións musicais de Galicia e Portugal.

Para a xente máis ambiciosa, estes espectáculos poden incluír un obradoiro de baile antes do concerto-baile (opcional).

FICHA ARTÍSTICA

VOZ: *Belén Tajes*
MANDOLINA: *Xiao Berlai*
PERCUSIÓN: *Rubén Montes*
ACORDEÓN: *Roberto Grandal*
AXUDAN A BAILAR: *Mercedes Prieto ou Montse Rivera*

55’ TODOS OS PÚBLICOS

NA PUNTA DO PÉ

Unha das integrantes animaranos a seguir os seus pasos, explicados de forma sinxela para que tod@s poidamos unirnos á festa, acompáñana un grupo de grandes músic@s. Risa, baile e coñecer a novos compañeiros de baile.

INFO VÍDEO

NA PALMA DA MAN

Os bailes e danzas máis divertidos da Península Ibérica. Pai Paulino (Galicia), Galandún (Portugal) ou Txulalai (País Vasco) son algúns dos nomes dos bailes que conforman este espectáculo.

INFO VÍDEO

ENTROIDANZAS

Bailaremos cos folións de Ourense, seremos demos das rúas de Lima, andaremos como os corcovados do centro de Italia, moveremos os coloridos paraugas do Frevo de Pernambuco... Pesdelán todo o ano é Carnaval!

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero*

XÉNEROS: *Folk-trad*

75' TODOS LOS PÚBLICOS

SUSO VAAMONDE & XOSÉ LOIS ROMERO

24 INSTRUMENTOS POPULARES GALEGOS

A BANDA

Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero preséntannos unha completa viaxe a través das ferramentas da tradición musical de Galicia: os instrumentos populares galegos.

A traxectoria destes músicos arredor do folclore impresiona: participaron como fundadores ou colaboradores de destacados grupos como Leliadoura, Luvas Verdes, o Grupo Tradicional da Agadic, Vaamonde, Lamas & Romero, Nova Galega de Danza, Xacarandaina ou Aliboria. A súa condición de virtuosos multiinstrumentistas permítelles ofrecer unha sabia selección de músicas nun ameno concerto, no que interpretarán pezas do repertorio tradicional galego a dúo, combinando con mestría 12 instrumentos melódicos e 12 instrumentos de percusión, adobiadas con explicacións sobre a súa construción, xeito de se tocar, historia e outras curiosidades.

O ESPECTÁCULO

Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero lévannos de viaxe a través dos instrumentos da tradición musical galega. Entre os que poderemos descubrir durante o concerto están distintos tipos de gaitas, a zanfona, dous tipos de acordeóns, requintas e frautas, ocarinas e asubíos, así como unha grande variedade de percusións, como o bombo, o tambor, a pandeireta, a pandeira, o pandeiro, a lata, a tixola, as tarrañolas ou o charrasco.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

20 ANOS DE CULTURA CON CAUSA

CULTURACTIVA

MÚSICA 2020
OUTROS ESTILOS

GUADI GALEGO
IMMERSION

A ARTISTA

Guadi Galego comeza a súa andaina musical no 97 con *Berrogüetto*, no 2005 grava *Espido* e un ano despois *Nordestin@s* xunto con Abe Rábade e Ugia Pedreira. No 2009 sae á luz *Benzón*, o seu primeiro proxecto en solitario, premio ao mellor disco do ano e candidatura aos premios da Música. No 2012 sae á luz *aCadaCanto*, onde traballa unha vez máis con Guillerme Fernández, acompañada tamén por Xabier Díaz e Xosé Lois Romero no acordeón. En 2014 publica *Lúas de outubro e agosto* coa produción de Patxi García, co que se converte nunha das artistas galegas do momento. No 2016 acada o Premio Martín Códax da Música á mellor artista na categoría de canción de autor, e publica o seu terceiro disco en solitario, *O mundo está parado* (FOL Música, 2016). Un disco cunha sonoridade envolvente con arrecendo pop que reapareceu no EP *Bóla de cristal* (2018). Este 2019 viu a luz *IMMERSIÓN* cun gran éxito de crítica e público.

O ESPECTÁCULO

Premio Martín Códax a Mellor artista de canción de autor

IMMERSION é unha reconstitución de si mesma, unha revisión en varias linguas afíns a Guadi, por territorio cultura e emoción, unha reinterpretación da súa própia música. Son once temas xa editados non seus últimos traballos e un tema inédito que soa agora en mundos musicais distintos.

A *IMMERSION* prodúcese nun universo íntimo, minimalista e arriscado. O disco afástase dos moldes e ábrese a un mundo plural e ecléctico.

INFO **VÍDEO**

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

GUADI GALEGO: *Voz e teclados*
GUILLERME FERNÁNDEZ: *Guitarra eléctrica*
ISAAC PALACÍN: *Batería electrónica*
ROBERTO GRANDAL: *Acordeón Midi*
RUBÉN IGLESIAS: *Baixo e Sub*
MANOLO DOURADO: *Son directo*
XÉNERO: *indie-pop*

75’ TODOS OS PÚBLICOS

FICHA ARTÍSTICA

LETRAS: *Garchu, Pirola e Petrowski*

INSTRUMENTAIS: *Petrowski*

XÉNERO: *rap galego*

75’ TODOS OS PÚBLICOS

EZETAERRE
PÓLVORA E TORMENTA

A BANDA

Ezetaerre é un grupo de rap combativo é en galego. O grupo, formado por Garchu, Pirola e Petrowski, comezou a súa traxectoria no 2016, chegando a ser en moi pouco tempo unha das bandas revelación do panorama galego.

A banda formouse coa vontade de utilizar a música como unha ferramenta, coa intención de mudar a realidade: “Sabemos que temos todo un mundo que mudar e que a cultura é unha das trincheiras a conquistar. Seguiremos sendo dignas, humildes, solidarias; facendo música para o pobo na lingua do pobo”.

O ESPECTÁCULO

As cancións de Ezetaerre están cheas de referencias políticas e culturais, cuns ritmos melódicos e eclécticos afastados do rap máis convencionais: coa combatividade por bandeira e a convicción de poñer a música ao servizo da xente.

Tras publicar o seu primeiro LP, *Aspiracións mínimas e urxentes*, o maxi *100* e varios singles, como *A herdanza do vento*, *Non é verán de Estrella Damm* e *Esmorga Inferno*, Ezetaerre publica agora *Pólvora e Tormenta*, un traballo que reflicte a evolución da que fai gala o grupo.

Novas letras, novos ritmos e novas ideas, pero sempre baixo a mesma consigna: dignidade, solidariedade e humildade.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

JAIME MATEO: *batería e voces*
ARCADIO NÓVOA: *guitarra e voces*
RAÚL DIZ: *guitarra e voces*
DANIEL ALONSO: *guitarra e voces*
DRUSO L. PEDROUZO: *teclado e voces*
ÁLVARO A. RIVERA: *baixo*
XÉNERO: *indie-pop*

75’ TODOS OS PÚBLICOS

OS AMIGOS DOS MÚSICOS
SEGUNDO FOGAR

A BANDA

Martín Códax a Mellor Banda de Pop en 2017
Candidatura nos Premios MIN a Mellor Álbum en Galego 2016

Un proxecto que une o pop e a música folk americana coa tradición da canción de autor galega.

Dende a saída do seu primeiro disco teñen percorrido os palcos galegos e foráneos, con concertos en Madrid, Bilbao, Donosti, Oviedo, Zaragoza, Valencia, e festivais como o Monkey Week de Sevilla, o Noroeste da Coruña ou o Atlantic Fest na Illa de Arousa. O seu segundo álbum, *Segundo fogar*, continúa reflectindo a importante herdanza de Suso Vaamonde, Benedicto e Bibiano ou Luis Emilio Batallán, sen perder orixinalidade nin frescura.

O ESPECTÁCULO

Segundo fogar é un xeito de referirse a todos eses espazos e tempos que transitamos e ocupamos, moitas veces provisionalmente, outras coa constancia dos que se senten na casa. Únense de novo, neste segundo traballo de Os Amigos dos Músicos, Jaime Mateo, Arcadio Nóvoa, Raúl Diz, Daniel Alonso, Druso Pedrouzo e Álvaro A. Rivera, experimentados músicos que formaran parte de Niño y Pistola, Blood Filloas, O Sonoro Maxín, Annie Hall, Haecceidad ou Cinnamon Gun. Continuan explorando os puntos de unión entre o pop, o folk e o rock, entre a tradición anglosaxona e a canción de autor galega de Bibiano ou Luis Emilio Batallán.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ICO: *voces*

ABRAHAM "EL NIÑO": *Guitarra*

XURXO BREA: *Baixo*

JAIME MATEO: *Batería e percusións*

HÉCTOR LOURENZO: *Guitarra eléctrica*

XOSÉ "PAIO": *Percusións e teclado*

MIGUEL XANCEDA: *Son en directo*

XÉNEROS: *verbena, música de baile*

75' TODOS OS PÚBLICOS

O SONORO MAXÍN
DE NAVALLAS E CUMBIAS

A BANDA

Premio Martín Códax 2017 na categoría de Reggae, ska e mestizaxe

O Sonoro Maxín naceu no verán de 2007, a partir do reencontro de vellos amigos e coñecidos da música galega que formaban parte de proxectos diferentes como *Lamatumbá*, *Cinnamon Gum*, *Mutenrohi* e *The Pigmalions*. Estreáronse en Ourense, a súa cidade natal, o 20 de decembro daquel ano. A partir dese debut, percorreron durante os seguintes anos toda a xeografía galega con máis de 150 concertos, nos que compartiron escenario con músicos como *Manu Chao & Radio Bemba Sound System*, *Shantel & Bucovina Club Orkestra*, *Los Delinqüentes* ou *Tonino Carotone*.

O ESPECTÁCULO

Cando o chifro soa e roda a tarazana, as navallas e os coitelos abandonan os petos e os fondos dos caixóns onde durmen. Nestes tempos tan ingratos cómpre ter a man unha navalla ben afiada. A nosa navalla é a canción. Tamén o baile. O Sonoro Maxín comeza un camiño de ida e volta para compartir os momentos e os lugares nos que naceu, creceu e amou. Reclamando un espazo para bailar mellor. Reivindicando a música como arma de construción masiva.

A pedra está amolando as nosas cancións, deixándoas ben xeitosas para partir polo medio a intolerancia que nos está a invadir. Esperta o coitelo do seu soño. Saca a túa navalla preferida. Déixanos acompañarte a darlle unha tallada a esta verbena mundial na que vivimos.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Martín Fontán, Rubén Fraga, Valentín Bastón, Esteban Outón, Iván Abalo, Óscar Tarrío, José Ramiro González, Pablo Emilio Santaclara, Joaquín Sanchis, Jorge Alberto González- Reynoso*

XÉNEROS: *brass band*

55’ TODOS OS PÚBLICOS

GALIFUNK
GALIFUNK

A COMPAÑÍA

Galifunk xorde como unha aposta de músicos, todos eles profesionais que teñen en común gusto pola música actual, así como da música disco, dos 70’s, funky… Buscando sempre ser orixinais e inspirándose nas brass band americanas, crean un repertorio amplo e variado, con arranxos propios e innovadores.

Tendo soamente catro anos de historia, teñen participado en moi diversos eventos como son as festas patronais do concello de Sanxenxo, Barro ou Cuntis, as festas da Peregrina 2017, en Pontevedra, as festas da Dorna en Ribeira ou a feira “Corazón da Artesanía” organizada pola Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, en Agolada.

Tamén participan en festivais importantes da xeografía galega como o “Rockin Vila” ou o “Revenidas”, así como o evento “Castelo conta” en Culleredo. Con gran acollida por parte do público asistente, destacando a súa frescura e calidade musical.

O ESPECTÁCULO

Galifunk ten como finalidade formar parte da cultura musical do país, dando un punto de vista diferente ao estilo de música ao que se soe asociar a súa formación instrumental, apostando sempre polo bo gusto e por sorprender con temas que nunca se esperarían dunha agrupación destas características, ofrecendo un espectáculo moi variado, inteprertando temas onde predomina a improvisación, ritmos pegadizos, a virtuosidade e incluso pequenas incursións ao rap.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FANFARRIA TAQUIKARDIA
CAFÉ BAR SOVIA

FICHA ARTÍSTICA

ISMAN BASS: *Baixo*
BERTO CUCHI: *Caixa e pratos*
CARLOS CARLITOS: *Bombo sen prato*
ALEJANDRO CHIRU: *Trombón*
PETETE E GARZÓN: *Trompas*
NICO RICÓN E LUCAS: *Saxos tenores*
RUBÉN CHINO: *Saxo alto*
CANDI: *Trompeta*
CHUS POTRO DA MADROA: *Clarinete*
HARRINHO: *Violín*
XÉNEROS: *música de festa*

75’ TODOS OS PÚBLICOS

A COMPAÑÍA

A banda está integrada por instrumentos de vento-metal e percusións varias. A formación principal compóñena trompeta, clarinete, saxo alto, saxo tenor, trompa, trombón, tuba, caixa re-adornada, timbais e bombo-pratos.

As influencias musicais son varias: comeza polas fanfarrias de Europa do Leste, os *brass ensembles* de Nova Orleáns, as charangas carnavalescas caribeñas e brasileiras e a música tradicional galega. Os integrantes da banda proceden de varios grupos do panorama musical galego que tamén teñen montado boas festas: Cuchufellos, Os Bechuchos, Pelepau, Skandalo Gz, Pan de Capazo, Festicultores, Os Podridos, A Vaga Banda ou A Compañía do Ruído. Ninguén queda impasible e moito menos inmóbil co brutal espectáculo que ofrece este particular conxunto musical. Con eles pódese saber cando comeza a música e a festa, pero non cando remata.

O ESPECTÁCULO

Logo de facerse coñecidos nas redes sociais polo vídeo no que se lles vía acompañar unha procesión cun himno anarquista, a Fanfarria Taquikardia presenta o seu segundo traballo discográfico. O conxunto de Candeán amosa en *Café Bar Sovia* que continúa a súa preferencia polos ritmos balcánicos e os sons festeiros que teñen levado xa por múltiples eventos dentro e fóra do noso país.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

20 ANOS DE CULTURA CON CAUSA

CULTURACTIVA

MÚSICA 2020
DE RÚA

FICHA ARTÍSTICA

ANDREA PÉREZ: *Saxofón*
CATUXA RODRÍGUEZ: *Trompeta*
MARÍA BALTEIRA: *Trompeta*
PAULA LÓPEZ: *Trombón*
XIANA NAVAL: *Trombón*
RAQUEL HUETE: *Tuba*
JULIA SANCHEZ-BIEZMA: *Caixa*
AINARA DÍAZ: *Bombo*
XÉNEROS: *música de rúa*

75’ TODOS OS PÚBLICOS

BRASSICA RAPA
PASARRÚAS E ESCENARIO

A BANDA

Brassica Rapa é un grupo de música popular nacido a finais do 2017 buscando darlle unha volta ao concepto de charanga. Formado íntegramente por rapazas, tocan instrumentos de vento metal e percusión e crean unha atmosfera alegre coa súa música, de repertorio coñecido e fresco, coa que a festa está asegurada. Dúas trompetas, dous trombóns, un saxo alto, unha tuba, unha caixa e un bombo compoñen a súa formación, que pretende reivindicar a presenza da muller neste tipo de agrupacións a través da troula.

O ESPECTÁCULO

Brassica Rapa ofrecen un espectáculo moi variado que mestura música instrumental e vogal coa multipercusión. O seu repertorio vai de grandes éxitos do pop á música tradicional galega, pasando por temas máis jazz, música actual reivindicativa ou bandas sonoras de películas. Recollen sobre todo influencias das *brass bands* neoiorquinas, pero tamén das *big bands* ou das charangas tradicionais. As compoñentes veñen de distintos percorridos dentro do mundo da música, e de agrupacións coma Liska!, Banda Xangai, Timparrantela ou Biribirlocke.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FANFARRIA TAQUIKARDIA

MÚSICA TAQUIKÁRDICA

A COMPAÑÍA

A banda está integrada por instrumentos de vento-metal e percusións varias. A formación principal compóñena trompeta, clarinete, saxo alto, saxo tenor, trompa, trombón, tuba, caixa re-adornada, timbais e bombo-pratos.

As influencias musicais son varias: comeza polas fanfarrias de Europa do Leste, os *brass ensembles* de Nova Orleáns, as charangas carnavalescas caribeñas e brasileiras e a música tradicional galega. Os integrantes da banda proceden de varios grupos do panorama musical galego que tamén teñen montado boas festas: Cuchufellos, Os Bechuchos, Pelepau, Skandalo Gz, Pan de Capazo, Festicultores, Os Podridos, A Vaga Banda ou A Compañía do Ruído. Ninguén queda impasible e moito menos inmóbil co brutal espectáculo que ofrece este particular conxunto musical. Con eles pódese saber cando comeza a música e a festa, pero non cando remata.

O ESPECTÁCULO

Grupo de música extremo festeiro de repertorio taquicárdico, que vai das melodías balcánicas a coñecidas pezas da música clásica e do cine, pasando pola música tradicional galega e latina, achegándolle sempre o espírito necesario para o baile e a xoldra.

FICHA ARTÍSTICA

ISMAN BASS: *Baixo*
BERTO CUCHI: *Caixa e pratos*
CARLOS CARLITOS: *Bombo sen prato*
ALEJANDRO CHIRU: *Trombón*
PETETE E GARZÓN: *Trompas*
NICO RICÓN E LUCAS: *Saxos tenores*
RUBÉN CHINO: *Saxo alto*
CANDI: *Trompeta*
CHUS POTRO DA MADROA: *Clarinete*
HARRINHO: *Violín*
XÉNEROS: *música de rúa*

75’ TODOS OS PÚBLICOS

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

SON DO LILÁ
SOMDOLILÁ

A BANDA

Somdolida é unha batucada feminista de mulleres que usan a música como ferramenta de sororidade, alegría e loita. Celebran ocupando o espazo sonoro e recuperando a memoria das que com-bateron antes ca nós.

O ESPECTÁCULO

O espectáculo de Somdolilá ten influencias dos blocos afro do carnaval de Salvador de Bahía. Os potentes graves dos surdos combínanse coas frases vertixinosas dos repiques, que xunto coas caixas dan lugar a melodías rítmicas que non deixan indiferentes ouvidos nin corpos. Pero non só baila o público, as coreografías das percusionistas convírteno nun espectáculo impactante tamén visualmente.

O espectáculo está indicado para todo tipo de eventos deportivos, musicais, pasarrúas, espacios pechados, coma teatros ou locais, entre outros.

FICHA ARTÍSTICA

XÉNEROS: *espectáculo de batucada, ritmos afrobrasileiros*

A C ONVIR

TODOS OS PÚBLICOS

INFO

VÍDEO

CULTURACTIVA

OS BREGADIERS
OS BREGADIERS

A BANDA

Ritmos swing, jazz e rock&roll en todas as rúas a cargo dos *Bregadiers*, experimentados músicos galegos nunha formación que leva á rúa músicas doutras latitudes, nunca antes escoitadas nas vilas e cidades galegas. Inspirados nas brass bands, fanfarrias ou bandas gypsy, *Os Bregadiers* son herdeiros destas tradicións, cunha calidade musical e artística fóra de toda dúbida.

FICHA ARTÍSTICA

ÓSCAR PRIETO: *Tuba*
OLIVIER CANO: *Saxo alto*
ROSOLINO MARINELLO: *Saxo tenor*
MIGUELÓN: *Caixa*
JAVIER BARRAL: *Bombo*
ABEL LEONARDO: *Guitarra*
XÉNEROS: *swing, jazz, rock&roll*

75' TODOS OS PÚBLICOS

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

PULPIÑO VIASCÓN

A MUSICLETA E OS INSTRUMENTOS MÁXICOS

O Pulpiño Viascón é o Señor Lili presenta a musicleta, un artiluxio que se transforma nun escenario a pedais dedicado aos músicos, unha plataforma sobre rodas en movemento, onde poder presentar espectáculos musicais variados dende outra perspectiva, coa idea de chegar a moitos recunchos e satisfacer a público de todas as idades.

INFO VÍDEO

O CANTO DAS CONSERVEIRAS

Pulpiño Viascón (acordeón diatónico, serrucho máxico, voz) invita a cantar as cancións populares, entre elas A Rianxeira dun xeito único nun show participativo. As letras foron creadas polas operárias das conserveiras, claro exemplo foi a fábrica de Masso (1900), un repertorio de cancións protesta recuperadas por Xurxo Souto.

INFO VÍDEO

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Pulpiño Viascón*

XÉNEROS: *música de rúa*

40’ TODOS OS PÚBLICOS

O PULPO SERAFÍN

Show interactivo e itinerante que trata a reciclaxe, convidando ao público infantil a reciclar nun mundo de océanos cada vez máis contaminados. O Pulpo Serafín move os seus tentáculos, e cuspe auga salgada.

INFO VÍDEO

A ORGANETA

A Organeta do Pulpo Serafín é un show interactivo e itinerante que trata a reciclaxe, convidando ao público infantil a reciclar nun mundo de océanos cada vez máis contaminados. O Pulpo Serafín move os seus tentáculos, e cuspe auga salgada.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *Alberto Millán Betanzos e José Piñeiro Pérez*

XÉNEROS: *música de rúa, títeres*

1 pase: 50'
2 pases35/40'

TODOS OS PÚBLICOS

OS MONIFATES
OS MONIFATES

A BANDA

Os Monifates son un dúo cunha ampla experiencia musical, formado por un músico e un artesán que confecciona os instrumentos utilizados nas actuacións. Aínda que só se vexa un dúo, créase amplitude grazas á variada instrumentación que empregan: o eixo central está formado pola gaita tradicional, o bombo e a zanfona, intercalando entre as melodías outros trebellos coma o pínfano, os punteiros, ou a gaita tumbal do século XIX, ademais de diversa instrumentación de percusión como culleres, castañolas de peito, táboa de lavar...

O ESPECTÁCULO

Un peculiar carromato tirado por dous músicos ambulantes que percorren vilas e pobos cunha importante misión, a de amosar a rica e variada música e instrumentación da cultura galega, nun formato distinto e orixinal. Nas súas viaxes fóronse sumando os máis diversos e peculiares bailaríns (monicreques). Esta singular troupe, formada por Bartolo o pandereteiro, o porco Antón, Xaquín e Maruxa, Saturno e Leonor, o galo Farruco e os Barbanzóns, poñen o baile nun improvisado escenario para goce e divertimento do público asistente.

Os Monifates ofrecen animación versátil en formato acústico. Non precisan equipo de son nin escenario e o seu espectáculo está encamiñado a animar pequenas prazas, feiras...

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

FICHA ARTÍSTICA

ELENCO: *César Freiría*

XÉNEROS: *música de rúa*

60’ TODOS OS PÚBLICOS

CÉ ORQUESTRA PANTASMA

HOME ORQUESTRA

A BANDA

Baixo o nome de Cé Orquestra Pantasma agóchase o vigués César Freiria, músico autodidacta e apaixonado dos instrumentos musicais. Comezou a súa andaina aos oito anos dentro da música tradicional, e dende aquela non deixou de navegar polos variados estilos da música popular, chegando a formar parte de grupos tan dispares entre si como A Roda ou a banda de punk Oxtiax Ke Te Pariu. Desde comezos do verán de 2008, este músico leva percorrido toda a xeografía galega a un ritmo de máis de 150 concertos ao ano, paseando polos mellores festivais e festas do país levando ás costas a súa proposta: Cé Orquestra Pantasma, un proxecto musical, unipersoal e versátil, grazas ao seu amplo e variado repertorio, no que se conxuga a perfección toda unha vida musical.

O ESPECTÁCULO

Apoiándose na recuperación da figura do Home Orquestra, Cé Orquestra Pantasma convértese na fórmula perfecta para escapar do mundo por uns intres, deixándose levar, entregándose por completo á festa. Porque iso é o que son os seus espectáculos: unha gran festa chea de forza, ritmo e fantasía onde o público deixa de ser público para se converter en protagonista.

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

O CEGO NA FEIRA
CANTARES DE CEGO

A BANDA

Oli Xiráldez e Gustavo Couto son O Cego e O Lazarillo en “O cego na feira”. Estes dous integrandes de “Carapaus” xúntanse para ofrecer unha proposta pensada para animación de rúa, feiras e festas.

O ESPECTÁCULO

O espectáculo *O cego na feira* trata de recrear as actuacións que facían os tradicionais personaxes dos cegos polos pobos e aldeas galegas. Con Oli Xiráldez como Cego e Gustavo Couto como Lazarillo, interpretan romances, crimes, mitos e historias recollidas na nosa tradición pero van un pouco máis lonxe. Aportan un toque de humor ao que foi este duro oficio na antigüidade, e crean novas historias con temas actuais que por desgraza nunca pasan de moda (como a política ou a nova emigración), pero sempre dende o punto de vista irónico e sarcástico da vida. Pensado para animación de rúa, feiras, festas e todo tipo de torreiros, neste espectáculo, ademais de coñecer como se comunicaban as novas antes da radio, televisión e internet, tamén haberá momento para cantar, bailar e brincar.

FICHA ARTÍSTICA

OLI XIRALDEZ: *O Cego (Zanfona e voz)*
GUSTAVO COUTO: *O Lazarillo (Voz)*
XÉNEROS: *cantares de cego*
50’ TODOS OS PÚBLICOS

INFO VÍDEO

CULTURACTIVA

CULTUR
ACTIVA

CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA
info@culturactiva.org
www.culturactiva.org
+34 981 582 836